

Albela

REVISTA CULTURAL DE APELÓN EDUCACIÓN · Nº 5 · 2023



O PÓSITO DE PESCADORES DE MUGARDOS E A SÚA ESCOLA

A LANCHA DOS CASTELOS · A IGREXA DE MEÁ AMEAZADA DE RUÍNA

MUGARDOS 1920-1936. ECONOMÍA, ASOCIACIONISMO E ALGO MÁIS

AMADA GARCÍA RODRÍGUEZ. O MITO E A REALIDADE · LINITO, UN TIPO XENUÍNO (1947-2023)

VISITA AL ARSENAL DE FERROL · "SIMOU FOI ANTES QUE MUGARDOS"

ASOCIACIÓN BETULA: PROXECTO E REALIDADE

A MATERIA DA MEMORIA · LOGO DA VODA · O CÍRCULO ETERNO · O RURAL

SOCIEDADE CULTURAL, RECREATIVA E DEPORTIVA SAN XOÁN DE PIÑEIRO



ASOCIACIÓN CULTURAL
APELÓN EDUCACIÓN



PRESIDENTA

Gabriela Sánchez Cortizas

VICEPRESIDENTA

Francisca Pérez Bouza

SECRETARIO

Javier García Dieste

TESOUREIRO

Juan Fernández Ameneiro

VOGAIS

Jacinto Núñez Martínez
Aída Cortizas Rodríguez
Patricia Rivera Romero
Ramón Bello Blanco
Ana Sánchez Cortizas
Juan Luis Iglesias Núñez
Fátima Espiñeira Casal
Miguel A. Rodríguez Bastida

ENDEREZO

Local Sociocomunitario
Municipal de Mugardos
Rúa Fene, 5
15620 Mugardos
A Coruña

E-MAIL

apeloneduccion@gmail.com

REDES

facebook.com/apeloneduccion
instagram.com/apeloneduccion
twitter.com/ApelonEducacion
www.apeloneduccion.org



NÚMERO 5 · 2023

DEPÓSITO LEGAL C 1488-2021 · ISSN 2792-5056

EDITORA

Asociación Cultural
Apelón Educación
Mugardos (A Coruña)

DIRECCIÓN

Gabriela Sánchez Cortizas

COORDINACIÓN

Javier García Dieste e
Juan Fernández Ameneiro

DESEÑO, DIRECCIÓN DE ARTE E MAQUETACIÓN

César Pena

PORTADA

César Pena

ILUSTRACIÓN EDITORIAL

perdivel linktr.ee/perdivel

COMITÉ DE REDACCIÓN

Javier García Dieste
Gabriela Sánchez Cortizas
Juan Fernández Ameneiro
Juan Luis Iglesias Núñez
Jacinto Núñez Martínez

REVISIÓN DE TEXTOS

Francisca Pérez Bouza
Gabriela Sánchez Cortizas
Juan Fernández Ameneiro
César Pena

TIPOGRAFÍAS

Earwig Factory 
Raleway **AaBbCc 123**
Manuale **AaBbCc 123**

Albela, Revista cultural de Apelón Educación é unha revista plural, que serve de foro de debate.

O Equipo Directivo respecta en todo momento a opinión e o idioma dos textos dos seus colaboradores, pero non se fai responsable, nin ten por que identificarse necesariamente coas opinións expresadas.

Editorial

UNHA BIBLIOTECA, PARA QUE?

Esta foi a pregunta exposta por un grupo político da corporación municipal cando hai xa seis anos a Plataforma pola defensa de Apelón para a Educación empezaba a súa mobilización para conseguir un edificio digno para a biblioteca na antiga escola. Esta era a mesma pregunta á que lle daban voltas o resto dos grupos políticos e que expresaron de diversos xeitos, cada un á súa maneira.

E todo isto nunha vila que contou cunha das primeiras bibliotecas municipais da contorna, inaugurada a poucos da chegada da democracia. Instalouse na porta da dereita das que dan entrada ao concello e foi das primeiras en abrir de toda a volta, xa que a ausencia de bibliotecas era o habitual nos pobos da contorna. No ano 1989 a biblioteca cambia de sitio. Nos baixos do concello colocan o salón de plenos e a biblioteca pasa, disque provisionalmente, ao baixo cedido por unha entidade bancaria (a antiga Caixa de Aforros) que deixou o local por serlle pequeno. Pequeno para un banco, grande dabondo para unha biblioteca. E alí queda, incluso cando ao concello se lle incorpora un novo edificio a onde se traslada o salón de plenos. Trinta e catro anos de provisionalidade.

Neses trinta e catro anos a idea de alfabetización e difusión cultural deron un cambio radical, así que parecería como se querer unha biblioteca fose algo anticuado: para que? Para que? Se temos toda a información no peto, metidiña nos nosos móbiles! A quen se lle vai ocorrer ir á biblioteca!

Desa primeira mobilización pasaron xa seis anos e unha pandemia, e o que naquel momento era tecnoloxía de información e comunicación converteuse radicalmente nunha pura revolución dixital con avances asombrosos case diarios que fan que as habilidades técnicas queden desfasadas dun día para outro.

Moita xente, de todas as idades, vai quedando no camiño, descolgada dos avances, incapaces de poder realizar xestións básicas como buscar información, facer un trámite nunha administración pública ou solicitar unha

cita médica. É necesario un novo concepto de alfabetización e as bibliotecas teñen nel un valor fundamental

Asistimos, tamén, na actualidade á confusión entre ter información e coñecemento (Carme Aldán. *Nós diario*, 11 de abril): a falta de rigor de moitas das informacions ofrecidas, as opinións sesgadas que obtemos da rede e a acción dos algoritmos poñen á nosa disposición so o que queremos oír, sen ofrecer outros puntos de vista. Comeza a ser difícil contrastar a información e chegar ao verdadeiro coñecemento. Ao darnos unicamente aquilo que consumimos os algoritmos conseguen que o noso mundo se vaia reducindo, cada vez máis e máis, en lugar de ampliarse, contribuíndo a un empobrecemento do noso coñecemento

Hai que ter en conta tamén que non todo está en rede, e é necesario ofrecer ao público en xeral un acceso a fondos sen dixitalizar.

A maiores, un recente estudo da Universidade de Harvard e a pandemia demostráronnos que a mellora da vida obtense das relacións sociais. Os seres humanos precisamos do contacto e da interacción directa con outros para vivir unha vida plena.

Así que unha biblioteca para que? Para ler, para estar, para compartir, para debater, para colaborar, para escoitar, para falar, para crear, para ensinar, para aprender, para pasalo ben, para quedar, para mirar, para ver, para traballar, para descansar, para reunirse, para estar a soas, para investigar, para mocear, para coser, para cantar, para sentir o silencio...

Unha biblioteca que sexa foco e centro de cultura, que aglutine todas as iniciativas culturais do concello, que ofrezca un lugar axeitado (e digno) para esas iniciativas e sexa referente cultural do que se beneficien tamén as diferentes parroquias.

Pero aquí seguimos, anos despois de empezar, sen ter dado nin un so paso real e consistente para conseguir ese tan ansiado local. Ata cando?

s U m a r i o

3 **Editorial**

6 **Actividades anuais 2022**

11 **Feirón de Apelón**

12 O pósito de pescadores de
Mugardos e a súa escola




Miguel
Rodriguez

20 A lancha dos castelos



José
Sousa

24 A igrexa de Meá ameazada de
ruína



José Manuel
Castro
García

32 Mugardos 1920-1936
Economía, asociacionismo
e algo máis



Bernardo
Máiz

40 Amada García Rodríguez.
O mito e a realidade



Bernardo
Máiz

42 Linito,
un tipo xenuíno (1947-2023)



Luis
Cuba

En portada: edificio do Pósito, antigamente casino e escola infantil.

Ilustración de César Pena.




Luis Moldes



Visita al Arsenal de Ferrol

48

Carola Montero



“Simou foi antes que Mugardos”

54

Varios Autores



Asociación Betula: proxecto e realidade

62

Vanesa Varela



A materia da memoria

68

Relatos colectivos do obradoiro de escrita



Logo da voda - O círculo eterno

70

David Rascado Rojo



O rural

71

Genaro Prieto



Sociedade Cultural, Recreativa e Deportiva San Xoán de Piñeiro

72

SUGESTIÓNS LECTORAS

76

HISTÓRICO DE CONTIDOS

78

Actividades anuais 2022



CLUB DE LECTURA

Cada vez mais concorrido, ate o punto de que o espazo do Centro Sociocultural Casas Baratas queda pequeno. Xuntámonos unha tarde ao mes para tomar café, comer torta e falar de literatura. Lemos libros actuais e de cando en vez algún clásico. Lemos poesía, novela e... teatro! Temos debilidade póla novela negra pero tocamos todos o xéneros e decidimos as lecturas entre todos. Este ano non houbo interrupción nos meses de verán.



XIMNASIA DO SOLO PELVIANO

Facemos exercicios para fortalecer os músculos do abdome, das pernas, glúteos e brazos, mais esquecemos outros músculos, localizados na pelve. Precisamos manter firmes os músculos e ligamentos do solo pelviano que sustentan órganos como a vexiga, útero, intestino, e no caso dos homes a próstata, para evitar a incontinencia urinaria e para asegurar posición deses órganos dentro da cavidade abdominal.

Todo o ano.



DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

Arranxamos e reescribimos o mural da Avda. de Galicia e elaboramos un novo mural na rúa dos Corzás.

Organizamos o *Roteiro Rosaliano* dos pequenos de Unión Mugardesa pólas rúas da vila e rematamos a festa con Caldo de Gloria e a actuación da coral *Estelas do Mar*. Colocamos as pancartas alusivas á data en todas as parroquias da vila.

21, 22, 23, 24, 25, e 26 de febreiro. Rúas do Concello de Mugardos.



PRESENTACIÓN DO LIBRO

SIERVOS DE TINTA DE PABLO J. RAÑALES

Presentamos a ópera prima do noso veciño Pablo Rañales. O local estaba ategado de público cun numeroso grupo de profesoras e profesores do IES Mugardos. A presentación estivo a cargo da profesora de galego Chelo Gundín. Pablo e Chelo teceron un relato no que mesturaron literatura, socioloxía e afectos compartidos.

Venres, 4 de marzo, no Salón de Plenos do Concello de Mugardos.



CELEBRACIÓN DO DÍA DA MULLER COA ACTUACIÓN DE VERO RILLO & PENADIQUE

Festexamos o "Día da muller" coa actuación de Vero Rillo & Penadique. Nesta actuación Rillo e Penadique narraron e cantaron contos escoitados nalgún lugar ou escritos nalgún libro e que mesturados con coplas, romances tradicionais e composicións propias foron achegándonos ás mulleres do noso imaxinario, ás mulleres da nosa vida.

Sábado, 5 de marzo, na Travesía do Cotellón.

2022 Actividades anuais



EXPOSICIÓN DE FOTOGRAFÍA XORNALÍSTICA "30ª EDICIÓN DE GALICIA EN FOCO" EN MUGARDOS

Unha mostra que serve de recompilación e crónica anual do acontecer e sentir do pobo galego, recollido nos medios de comunicación. Ten tamén por obxecto espertar o interese do público pola obra dos nosos realizadores gráficos, que se coñezan os seus nomes, a súa profesionalidade e a súa identificación coa Galicia contemporánea que documentan.

Días 25,26, 27 de marzo. Baixo do Pósito, Avda. Do Mar, 1.



VISITA GUIADA AO MUSEO ETNOGRÁFICO DA CAPELA, MUSEO DO MEL DE GOENTE E OBRADOIRO DE CANDEAS

De 11 a 14 h. Visita guiada ó Museo do mel de Goente, degustación de mel, e obradoiro de velas.

De 17 a 19 h. Visita guiada ó Museo Etnográfico de A Capela e Escola de Guitriz

A Casa do Pazo é a sede central do Museo, unha aula viva onde se presenta a casa como unha unidade básica da sociedade rural. A Escola permite unha mirada retrospectiva pola evolución da educación dende finais do século XIX.



CHARLA COLÓQUIO SOBRE O CONFLICTO DO SÁHARA OCCIDENTAL, A CARGO DE HAFDALLAH MENNI

Charla coloquio sobre o conflito do Sáhara Occidental , a cargo de Hafdallah Menni. Unha reflexión sobre a memoria e as posibilidades de futuro dun lugar que todavía na actualidade é territorio español. Unha voz que nos falou do conflito en primeira persoa.

Sábado 23 de abril, na Sala de lecturas do Casino de Mugardos.



LEVA, LE, TRAE

No día do libro, e có obxectivo de fomentar a lectura, colocamos cestas con libros nos locais de hostalería de Mugardos. O lema "Leva, le, e trae", invita a coller un libro, leelo, e devolveo onde o colliches, ou deixar outro libro.

Todo o ano. Nos locais de hostalería de Mugardos.



FESTA DOS MAIOS

Elaboramos maios en todos os colexios do Concello de Mugardos. Publicamos videos e fotos da vosa versión da festa dos maios.

Día 6 de maio - Colexio Santiago Apóstolo de Franza.

Día 9 de maio - Colexio Unión Mugardesa.-Colexio Loyola - IES Mugardos, no Peirao.

Día 13 de maio - Escola Infantil As Lagoas.



EXPOSICIÓN DE XOGUETES "O ENTALLADOR DE XOGOS" E CONTACTOS

A fermosura das figuras de madeira creadas por Tonono unida á selección de contos seleccionados por Fátima.

Día 14, 15, 16, 17 de maio, exposición de xoguetes artesanais.

Sábado 14, ás 12,30 h. contacontos "*Iriña bailarina*". Ás 18,30h. contacontos "*Cocorico*"

Domingo, 15, ás 18,30h. contacontos "*Titircircus*".

Martes, 17, ás 18,30h., contacontos "*Con tango son tres*"



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Difusión en redes sociais da obra de Florencio Delgado Gurriarán. Colocación en varios puntos do Concello de pancartas conmemorativas do Día das Letras Galegas.

Agasallo de globos e libros a tódolos rapaces/as que se achegaron ata o punto de reparto.

Xantar popular, e a partir das 17,00 h. Xogos Populares para rapazes e rapaces.

Martes, 17 de maio. Polas rúas do Concello e no Peirao.



PRESENTACIÓN DO LIBRO *EL ECO DE TU VOZ*

Juan Galán achegouse ata Mugardos para presentarnos a súa novela "*El eco de tu voz*", editado por Medulia. Nela mestura elementos e personaxes históricos, como Virginia Woolf, Emilia Pardo Bazán ou Santiago Casares Quiroga, con outros inventados, como Adela e Fabiana.

Xoves, 9 de xuño. Local da Confraría de Pescadores (Peirao).



ROTEIRO "LAVAR, LÁVASE COAS MANS"

Roteiro pólos lavadoiros do Esteiro e da Redonda. Paseo polos lavadoiros e pola memoria das lavadeiras. Os datos sobre os lavadoiros son de www.aculturadaauga.org. As historias son de Consuelo, de Sita, de Filomena, de Tonucha, de Paquita... das lavadeiras e das contadoras de historias que nas súas narracións conforman o que fomos e o que somos.

Mércores, 15 de xuño. Lavadoiros do Esteiro e a Redonda.



CELEBRACIÓN DO SAN XOÁN

Dende a pandemia de COVID a celebración do San Xoán ten actividades de carácter virtual:

Procedemos á difusión en redes sociais da orixe e tradicións propias do San Xoán.

Mostra de fotos de cacharelas e cachos de San Xoán.

Xoves, 23 de xuño. Virtual

2022 Actividades anuais



PRESENTACIÓN DA REVISTA ALBELA NO FARO DA PALMA

Presentamos a nosa revista *Albela* nun marco incomparable (que diría un político), no Faro da Palma (Mugar dos). Participaron na presentación autores dos artigos, Ignacio Fernández, e membros da directiva de Apelón, Juan Luis Iglesia e Gabriela Sánchez.

Venres, 29 de xullo, no Faro da Palma.



PRESENTACIÓN DA REVISTA ALBELA NO CASINO PROGRESO DE FRANZA

Presentación da revista *Albela* no Casino Progreso de Franza. Participaron na presentación autores dos artigos, Alexandre Fernández, Bernardo Máiz e Tino Álvarez, e Francisca Pérez, da directiva de Apelón.

Contamos coa actuación de Benjamín Santos que animou a presentación coas súas cancións.

Venres, 12 de agosto, en Franza.



VISITA GUIADA POLOS FAROS DE ORTEGAL

Visitas a O Coído de Bares, Faro de Estaca de Bares, Base Americana, Muíños de Alubiión, Faro de Ortegal, Garita de Herbeira, A Capelada. Estivemos acompañados de Ignacio Fernández, fareiro apaixonado da súa profesión, que guiou os nosos pasos por un roteiro inesquecible.

Sábado, 10 de setembro.



PRESENTACIÓN DO LIBRO OS RESTOS DO FRANQUISMO EN GALIZA, DE MANUEL MONGE

Manuel Monge denuncia a existencia de máis de 600 símbolos franquistas en 87 Concellos de Galiza, que representan e exaltan aos servidores da ditadura, e que participaron no golpe de Estado de 1936. O autor súmase así ás denuncias de organizacións internacionais esixindo a retirada da simboloxía franquista.

Venres, 30 de setembro. Local "Salón de Plenos do Concello de Mugar dos".



PRESENTACIÓN DO LIBRO OS DEZ ANIMAIS, DE ANTÓN CORTIZAS

Coa axuda dalgúns animais soubemos cantos dedos temos nas máns, e gozamos dun conto cun gran final, algo de poesía e unhas ilustracións que nos deixan moi boas impresións. E todo isto grazas ao noso prezado Antón Cortizas Amado.

Venres, 21 de outubro, no Salón de Plenos do Concello.



ACTUACIÓN DE MARÍA DA PONTRAGHA

María da Pontragha fíxonos ver cabalgar a Joaquina, unha afouta cubana cos cabelos ondeando ao vento, a Paulos co seu turbo burro e a guerrilleira mambiseira que facía perder a cabeza aos homes. María contou a tenra, e un punto tétrica, historia de amor de Rosalía a dos Coitelos, que sabía como levantar o lume e a da bisvoa que viña de visita... Ai señor, so de recordalo volvemos rir!

Sábado 29 de outubro, no Mercado.



OBRADOIRO DE ESCRITA TERRORÍFICA CON ANTÓN CORTIZAS "QUEN DIXO MEDO?"

Un obradoiro de escrita terrorífica con Antón Cortizas. Trece historias escritas entre todos e unha tarde magnífica de reflexión e creación.

Xoves 10 de novembro no Centro Cívico.



OBRADOIRO "ESFOLLA DO MAÍNZO", A CARGO DE LOLAS DA CASCARILLA

Tivemos música, contos e obradoiro de creación de bonecas a cargo das *Lolas da Cascarilla*. Enristramos, debullamos, peneiramos, amasamos... e comemos o pan de maízo.

Venres 11 de novembro na escola de Catro Camiños.



"AS TERMAS PÚBLICAS ROMANAS DO XACEMENTO DO CALDOVAL", CHARLA CON SUSANA RICART GUILLOT

Susana contou de maneira clara cal é o traballo dunha arqueóloga e como se organiza ese traballo. Explicounos as fases con que contou a excavación de Caldoval e as dificultades atopadas; situou o que agora vemos no museo no seu contexto físico real, xunto cos restos hoxe tapados, e outros máis por descubrir, que aínda quedan por investigar.

Venres 18 de novembro no Centro de Interpretación de Caldoval.



CONTOS DE NADAL EN INGLÉS E VISITA DO APALPADOR AO CEIP UNIÓN MUGARDESA

Contos de Nadal en inglés: *When de Grinch stole Christmas* con Victoria.

Visita do Apalpador con reparto de castañas.

Xoves, 22 de decembro na escola de Catro Camiños.

Feirón de Apelón

Descubre con nós os tesouros culturais de Mugardos. No *Feirón de Apelón* podes atopar pins, ilustracións, bolsos ou números anteriores da nosa *Albela*. Apoia a cultura local e leva contigo un anaquiño do noso patrimonio.

Contacta con membros de Apelón Educación para saber como facerte con eles.



PIN A.C.A.E.

A lectura, a escrita e o mar, no pin de Apelón Educación. Tamaño 20x20 mm.



LÁMINA "LANCHA"

Ilustración da lancha *La General* realizada por César Pena. Tamaño 42x29 cm.




LÁMINA "ARQUITECTURA"

Ilustración de César Pena sobre idea de José Castro. Tamaño 50x28 cm.



BOLSA "ROSALÍA"

O noso anagrama de Rosalía xunto cun dos poemas máis recoñecidos da padronesa. Tea de algodón negro e serigrafiada en branco.



BOLSA "NA BEIRA DO MAR"

Bolsa co motivo da rota rosaliana percorrendo as rúas do Seixo nos versos da poetisa. Tea de algodón branco crú serigrafiada en azul.



nº 0 - 2018



nº 1 - 2019



nº 2 - 2020



nº 3 - 2021



nº 4 - 2022

NÚMEROS ANTERIORES

Albela publícase anualmente desde 2018. Se che falta algún número pódeste facer con el contactando coa asociación.



Miguel
Rodríguez

O pósito de pescadores de Mugardos e a súa escola

As actuais confrarías de pescadores teñen a súa orixe remota nos gremios e confrarías de mareantes que xorden na Idade Media. Foron en certa maneira, o cerne do asociacionismo das xentes do mar para defenderen os seus intereses e protexeren a súa forma de vida, artellando dentro das súas posibilidades unha certa cobertura social e comunitaria. Durante séculos tiveron gran forza e gozaron de importantes privilexios, alomenos ata o século XVIII.



As confrarías, que agrupaban ao gremio dos mareantes, naceron cun forte compoñente relixioso nunha época na que a relixión impregnaba toda a sociedade. No caso de Mugar dos foi importante a confraría de San Pedro Telmo, patrón das xentes do mar.

No século XIX, nomeadamente a partir do ano 1833 coa instauración do réxime liberal, comezan a callar unha serie de críticas e reticencias

a este modelo asociativo, que xa agromaran a finais do século anterior na figura de varios intelectuais ilustrados: consideraban arcaicas estas institucións, vinculadas a unha economía tradicional e que limitaban a liberdade e o progreso. No ano 1864, por Real Orden de 11 de Xuño, decretábase a disolución dos gremios e confrarías tal como existían ata ese momento, e con eles a desaparición da súa función

benéfica e asistencial, o que derivou nun empeoramento das condicións das xentes do mar. Isto supuxo que a estrutura asociativa na pesca mudara baixo diferentes formas e nomes (asociacións confesionais, sociedades de resistencia, sindicalismo de clase, etc) na procura da defensa dos intereses das persoas que traballaban no sector da pesca. Neste contexto xurdiron os Pósitos de pescadores.


O Pósito de Pescadores de Mugar dos

Denantes da constitución do pósito funcionou en Mugar dos unha asociación de pescadores: o 22 de Marzo de 1909 fundouse na vila o *Gremio de pescadores La Igualdad* de Mugar dos, con sede na rúa Saavedra Menezes (actual Avda. de Galicia) nº 32. A xunta directiva da nova sociedade quedou presidida por Juan García Porta e a súa finalidade, recollida no art. 2º do seu regulamento: "La defensa de los intereses y derechos de la clase pescadora. Esta defensa será activa y encaminada a mejorarla y evitar todo cuanto tienda a perjudicarla, representándola ante los Poderes públicos en la forma más eficaz".

Podían ser socios de *La Igualdad*: "(...) los que pertenezcan por algún concepto a la clase pescadora o a esta industria solicitando su ingreso al presidente y ser mayor de catorce años".

A creación dos Pósitos de pescadores supuxo a implantación dun modelo asociativo corporativo mixto (pescadores, mariñeiros e armadores) inspirado nas antigas confrarías de pescadores e nos Pósitos agrícolas casteláns, e cunha acusada dependencia do Estado. Procurábase conciliar os intereses de armadores e mariñeiros, tentando evitar que estes se acercaran ás organizacións de clase.

O mariño ferrolán Alfredo Saralegui Casellas foi o verdadeiro impulsor e ideólogo destas sociedades. Participou activamente na creación da *Caja Central de Crédito Marítimo*, constituída no ano 1919, baixo a dependencia do Ministerio de Marina, coa función de fomentar a creación e desenvolvemento dos Pósitos de pescadores mediante a concesión de créditos e subvencións para que puidesen levar a cabo o seu labor. No 1930 esta *Caja Central* transformábase no *Instituto Social de la Marina*, traspasando a súa competencia ao Ministerio de Trabajo y Previsión, con vixencia ata a actualidade.



▲ Acta de constitución do Pósito de Pescadores de Mugar dos, 1922.

Arquivo da Confraría de pescadores de Mugar dos.

Saralegui definía os Pósitos como: (...) asociaciones cooperativas de esa clase de obreros marítimos, que persiguiendo la supresión de los intermediarios, la adquisición de la propiedad de los medios de producción y la realización de las demás funciones relacionadas con la explotación de las industrias que nos ocupan, dedican las ganancias líquidas que así obtengan a fines de previsión social y a beneficiar al consumidor abaratando los productos de la pesca (...). Serían as súas funcións: a venda directa de peixe, eliminando os intermediarios; a constitución de cooperativas

de consumo, para o subministro de artigos de natureza profesional; a previsión social por medio de socorros e seguros, auxilios e axudas; o labor cultural, promovendo escolas e actividades culturais; a explotación directa da actividade Pesqueira, facilitando liñas de crédito para a construción, adquisición ou reparación das embarcacións. A creación de Casas do pescador e o fomento da construción de casas baratas para os mariñeiros son outras das súas pretensións. O primeiro Pósito foi o de Cambados, fundado no 1917.

O Pósito de Pescadores de Mugar dos, constituído en 1922, foi o máis antigo de todos os da ría de Ferrol.

O Pósito de Pescadores de Mugar dos foi o máis antigo de todos os da ría de Ferrol. Quedou constituído nunha reunión celebrada o 27 de Abril do 1922 na *Escola Nacional* de nenos, ao non dispoñeren aínda de local propio, baixo a presidencia do Comandante de Mariña da provincia marítima Antonio Vázquez Permuy; asistiron tamén o alcalde Gregorio Miguel, o médico Manuel Taracido, o mestre Antonio Casado Ferreiro e un gran número de pescadores, segundo recolle a acta desa xornada. Logo da lectura do Regulamento quedou conformada a xunta directiva e elixido Presidente José A. Doval Sánchez. Nesta primeira reunión tómasese a decisión de solicitar unha subvención á *Caixa Central de Crédito Marítimo* e tamén



▼ Para o cumprimento dos seus obxectivos no Pósito constituíronse varias Seccións, cada unha co seu regulamento, que foron organizándose a medida que o permitían os fondos da sociedade.

▲ Cantón de Cora nº 4 foi das primeiras sedes do Pósito.

Sección de embarcacións, que tería por misión a explotación das embarcacións que a sociedade mercase ou alugase, e que serían tripuladas polos asociados.

Sección de socorros mutuos, cuxa finalidade era a organización, inspección e administración dos auxilios aos asociados e as súas familias no canto á hixiene, enfermidades, morte, paro involuntario e perda de embarcacións e artes.

Sección Caixa de Crédito, constituída para a concesión de créditos aos asociados coa finalidade de mercar, arranxar ou manter as embarcacións e as artes de pesca. Podía financiarse tamén o establecemento de industrias e actividades ligadas á industria da pesca ou o funcionamento das diferentes seccións se así o precisasen.

Sección de venda dos produtos da pesca, co obxectivo de mellorar os procesos da venda dos

produtos dos asociados para conseguiren uns maiores ingresos que ata ese momento.

Sección de Cultura. Sen dúbida unha das maiores aportacións dos Pósitos foi esta labor cultural e educadora. Era o cometido desta sección organizar conferencias, proxeccións cinematográficas, clases de música, etc. Tería ao seu cargo a Biblioteca, as clases de coñecementos xerais e profesionais que se ían a implantar a escola-; a organización de actividades deportivas (regatas), de ocio e festas, entre elas os bailes de Pósito que tiveron gran sona e foron tamén unha fonte de financiamento moi importante para a sociedade.

Sección Cooperativa de Consumo, organizada para a venda aos seus asociados de todos os útiles necesarios para a conservación e mantemento das artes de pesca, e para o exercicio da súa profesión.

faise unha felicitación ao fundador, o mestre Antonio Casado Ferreiro, que vai a ser o verdadeiro xerente do Pósito nos seus primeiros anos. Comeza a nova sociedade cun total de 72 socios. Nomease tamén unha Comisión inspectora coa finalidade de verificar o axeitado funcionamento da sociedade.

No Capítulo I do Regulamento establécense os obxectivos da nova sociedade:

Artículo 1. El Pósito de Pescadores de Mugar dos es una asociación cooperativa de pescadores que persigue la completa redención de dicha clase, extendiendo la cultura

entre sus asociados, estableciendo en su favor los distintos seguros sociales y explotando, sin el auxilio de intermediarios, la industria pesquera.

Artº 2º. Esta Asociación será ajena a toda idea política, religiosa y de lucro.

Artº 3º. En cumplimiento de lo expuesto tiene como objetivos próximos.

Organizar convenientemente los productos de la pesca de sus asociados.

Adquirir embarcaciones y Artes para la explotación por la Asociación de la Industria pesquera.

Procurar a sus asociados, con muy módico interés las cantidades que precisen para

el ejercicio de la industria pesquera.

Facilitarles la compra de todos los efectos y artículos necesarios para su vida profesional.

Establecer entre ellos los distintos seguros sociales.

Aumentar su cultura general y profesional.

Os socios/as do Pósito estaban clasificados en varias categorías: fundadores, de número, cooperadores e adxuntos. Podían ser socios de número: (...) los inscriptos de marinería, mayores de dieciochos años y menores de sesenta, que se dediquen o hayan dedicado a la pesca y los armadores de las embarcaciones que sean asociados antes de la reforma de este Reglamento (...). Os socios fundadores eran os socios de número que estiveran

▼ En Decembro de 1923 quedou redactado o Regulamento da escola cun total de 16 artigos, que inclúe as materias que se ían impartir, os requisitos do alumnado, as obrigas do profesor ou o réxime interno, e do que se pode resumir o máis importante.

RÉGIMEN ESCOLAR

Generalidades

Artº 1. El Pósito Marítimo Pescador de Mugar dos creará, con las subvenciones que al efecto reciba de la Caja Central del Crédito Marítimo y con lo que a este fin destine de su fondo general, clases generales y profesionales gratuitas para sus socios e hijos de estos.

Artº 2. En la organización de estas clases se dará preferencia a la instrucción general de los alumnos mientras el ayuntamiento no atienda debidamente esta función creando el número reglamentario de escuelas nacionales. Cumplida debidamente esta función se atenderá a dotar a los pescadores de la mayor cultura profesional.

Enseñanza

Artº 3. La enseñanza en las clases generales abarcará las materias siguientes: Lectura Comentada, Escritura, Doctrina Cristiana, Gramáti-

ca, Aritmética, Geografía, Geometría, Historia de España, Ciencias físicas, Naturales, Rudimentos de Derecho y Fisiología, Urbanidad, Dibujo y nociones de las materias contenidas en el artículo siguiente.

Artº 4. Las enseñanzas profesionales abarcarán las materias siguientes: Lectura y escritura, conocimiento, manejo y ordenanzas a que están sujetas las embarcaciones de pesca y tráfico, aparejos y artes de pesca. Conocimiento de la costa, vientos, corrientes y mareas, placeres, criaderos. Precauciones en los temporales, averías. Conocimiento de la aguja náutica. Forma de la costa, luces de puerto. Reglamento de luces y abordajes. Lenguaje de banderas. Código de señales (...)

Artº 6. Para ser inscripto como alumno se precisa tener más de seis años de edad, no padecer enfermedad contagiosa, estar vacunado y revacunado, ser socio, hijo de socio o huérfano de pescador pobre (No

reglamento do Pósito constaba que tiña que ser menor de 14 anos, elevando esta idade nalgún período da sociedade ata os 16 anos).

Artº 7. La matrícula para las clases generales no pasará de 90 alumnos y para las profesionales de 20 (...)

Artº 8. Las plazas de profesor serán provistas mediante concurso y en caso de ser varios los aspirantes, por oposición entre ellos y ante lo Junta de Enseñanza. (...)

Artº 10. Las clases generales serán diarias tres horas por la mañana y dos por la tarde. Las profesionales serán de una hora (...) El curso dará comienzo el 1 de Septiembre y finalizará el 31 de Julio.

Artº 11. Semestralmente se verificarán exámenes que tendrán lugar ante la Junta de Enseñanza y los profesores respectivos, durante los primeros días de Febrero y Agosto. (...)

inscritos nos tres primeiros meses da sociedade.

Eran socios cooperadores: (...) las mujeres dedicadas a cualquier faena de pesca y los familiares femeninos de quien hubiese sido socio hasta fallecer o ausentarse de la localidad. Y toda persona que por proteger la vida de la Asociación satisfacga una cuota no inferior a los socios de número. Todos deberán ser mayores de dieciocho años (...). Estas socias e socios tiñan voz e voto nas xuntas xerais, agás cando se trataren asuntos relacionados coa pesca, nos que só tiñan voz. A cota mensual dos socios fundadores, de número e cooperadores era de 1 peseta.

Por último, os socios adxuntos eran aquelas mulleres e homes que tiñan relación directa de parentesco cos socios de número e cooperadores e que tiveran entre doce e dezaioito anos.

En xaneiro do 1923 acórdase pedir subvención para establecer unha "Sección de enseñanza para adultas" e propoñer á profesora María Vázquez Mauriz —non atopamos máis referencias na documentación polo que é moi probable que esta proposta non saíra adiante—. En decembro do 1923 creouse tamén unha Sección de Bellas Artes, formada por tres agrupacións: Musical, Coral e Declamación.

Nos primeiros anos podían pertencer ao Pósito de Mugarbos (ata que se fundaron os de Barallobre e Ferrol) os mariñeiros da ría de Ferrol, incluídos os de San Xurxo e Cobas. No 1924 o Pósito contaba con 233 socios e a finais da década, no 1929, o número era xa de 408 asociados.

Varios foron os locais nos que a sociedade tivo a súa sede: Cantón de Cora nº 4; o salón España na rúa Aviador

Entrega de viviendas para pescadores en Mugarbos

A los tres marineros más ancianos les fué regalada su respectiva vivienda

El Grupo beneficia a 69 familias, y lleva, además, Grupo Escolar y Casa del Pescador

En Mugarbos se celebró ayer al mediodía el acto de la entrega de un grupo de sesenta y nueve viviendas a otros tantos pescadores de aquella villa. Actualmente, la Obra Social del Hogar tiene en construcción en esta provincia más de mil viviendas con un presupuesto de más de veinte millones de pesetas.

El grupo de Mugarbos, ayer inaugurado, está enclavado en un pintoresco lugar de la ría ferrollesa y tiene enfrente los Arsenales y Astilleros de la ciudad departamental.

Consta este grupo, como hemos dicho, de 69 viviendas, y en una de las costadas, formando amplia plaza, se sitúa la Casa del Pescador un magnífico grupo escolar. Este tiene dos secciones, una para niños y otra para el sex. mayor para 200 alumnos. La Casa del Pescador está distribuida en el primer piso con la sala de juntas y salón de recreo.

Las viviendas son de cuatro tipos. Todas las viviendas tienen la instalación de luz eléctrica, agua corriente y surtido de saneo con ducha, y en la parte posterior un patio para jardín.

Estas obras, tuvieron un presupuesto de 3.773.000 pesetas y fueron construídas en dos años.

ANIMACION EN EL PUEBLO MUGARBOS

Para recibir a las autoridades y la comitiva de La Coruña y de El Ferrol del Caudillo que iba a presidir el acto de entrega de este grupo, el riante villa de Mugarbos había sido engalanada con vistosas banderas y volutas, particularmente el recinto de las viviendas inauguradas, y los balcones y ventanas de estos edificios.

El entusiasmo reinante en el pueblo en general, y en cada una de las casas, eran patente, las muestras de amor a España y al Caudillo, por parte del vecindario, en especial de los beneficiarios del grupo.

LEGADA DE AUTORIDADES

A las once y media llegaron a Mugarbos, procedentes de La Coruña, el delegado provincial de Sindicatos, don Enrique Salgado Torres; el limo. señor fiscal de la Vivienda y arquitecto de la Obra Social del Hogar, don Juan González Cebrián, autor del proyecto del grupo; el secretario técnico de la O. E. H., don Arturo Franco Sordani; el delegado de Información del Movimiento y el representante provincial de la Guardia de Franco, don Rafael Salgado Torres, y el coronel de la Guardia Civil, don Pedro Sánchez Rúa.

De El Ferrol al Caudillo fueron el general gobernador militar, don Fernando Arizaga, con su ayudante señor Torrente Lillo; el alcaide, don Arsenio Díaz del Río, con el primer teniente alcalde don Eduardo Ledero Martínez, el secretario don Gonzalo Romero


Instrucciones misionales

Hoy, en todas las iglesias, se darán instrucciones misionales, habrá ejercicios piadosos y se hará colecta en favor de las Misiones.

Esta tarde, a las seis, habrá una velada misiona en La Grande Obra de Atocha.



El Delegado Provincial de Sindicatos, señor Salgado Torres, entrega los títulos de propiedad a los beneficiarios



La Casa del Pescador

Durán; comandante de Marina, don Rafael de Aguilar; el delegado comarcal de Sindicatos, don José Hevia, y el sargento de Pelota Armada don Ángel Verdial en representación del teniente jefe de aquella plantilla. El comandante de Marina, capitán de fragata señor Aguilar, estaba habiendo en representación del capitán general del Departamento marítimo, y representaba al general gobernador militar de La Coruña el capitán de Artillería don Leonardo Lago Rey.

Todas las autoridades y jerarquías fueron recibidas por la Corporación municipal de Mugarbos, con el alcalde don Ramón García Fernández y secretario don Hildefonso García Salgado; el párroco don José Carballeira Devesa y párroco don José Torres Vázquez; juez comarcal, don Luis Cervantes Prieto; capitán de la Guardia Civil señor Varsa; alcaide del pueblo don Mariano Campos Navarro; Pósito de Pescadores con sus jerarquías, y el delegado del Instituto Social de la Marina, don Federico Nave González.

En el recibimiento tomó parte el vecindario de Mugarbos.

BENDICION Y ENTREGA

A las doce se procedió, desde el Balcón principal de la Casa del Pescador,

a la bendición del grupo, en cuya oportunidad ofició el párroco señor Carballeira Devesa, auxiliado del señor cura de Mía.

Acto seguido tuvo lugar la entrega de los títulos de propiedad y llaves de las viviendas a los 69 beneficiarios, previas unas palabras del delegado provincial de Sindicatos, señor Salgado, quien explicó cómo había surgido la idea de la construcción de viviendas protegidas para marmeros en Mugarbos, idea que tuvo su origen en una visita hecha allí por el ministro de Trabajo señor Gilón, quien se preocupó de dar a los marmeros de vivienda digna y decorosa, cumpliendo así el deseo del Caudillo, Generalísimo Franco.

Hace constar cómo el ministro señor Gilón tuvo el gusto de regalar tres de estas viviendas a los tres marmeros más necesitados y más ancianos.

Pone de relieve cómo el glorioso Movimiento nacional, cumpliendo su promesa, y siempre ofrece realidades, en contraposición a las promesas de antes.

Las breves frases del señor Salgado, en las que puso de relieve el amor del Caudillo a todos los españoles, y de una forma especial a los humildes, fueron acogidas con grandes apausos. El público allí congregado vitó entusiásticamente a España y al Caudillo. Inmediatamente, se fueron entregando las llaves de las viviendas a los beneficiarios. Se empezó por la entrega a los tres pescadores más ancianos, que son Marcelino García Martínez, de ochenta años, a quien le entregó la llave el General, Gobernador Militar de El Ferrol del Caudillo Sr. Arzaga; Juan Andrés Carnero, de 82 años, cuya entrega fué hecha por el Alcaide de la misma ciudad, Sr. Díaz del Río, y a José Gallego Lago, de 83 años, entregada por el Comandante de Marina, Capitán de Fragata Sr. Aguilar.

Después, las autoridades visitaron al grupo de las viviendas y el Grupo Escolar.

Por último en la Casa del Pescador la casa construída por el grupo obsequió con un "lunch" a todas las autoridades, jerarquías y demás personalidades invitadas.

GABARDINAS
Canadienses - Trincheras
Reversibles - Americanas Sport
Modelos Exclusivos

Nuestros incomparables surtidos en Caballero, señora y Niño, le garantizan una acertada elección.

Visite nuestras secciones de Confesión y Embsería.

Izquierdo
San Andrés, 13 Teléfono, 2367

CLINICA QUIRURGICA del Dr. RAMALLAL

RAYOS X. ONDA CORTA,
ELECTROTERAPIA
MECANOTERAPIA
Y EL MATERIAL PRECISO PARA EL TRATAMIENTO MAS PERFECTO Y MODERNO DE

SANATORIO
de
Cirugía General

ARZOBISPO LAGO, 8 - Teléfono 1255
HUESOS, ETC.

ULCOSAL jarabe

Cura la Úlcera gástrico-duodenal y gastritis.

Calma los dolores y acidez del estómago. Evita el vómito y Espasmos.

Laboratorio G. Moyano, La Coruña
C. Sanabria 3182

ANALISIS
Clínicos y Químicos — Laboratorio
Minerales — SECCION DE ALERGIAS
RAMON CASARES ALER
LABORATORIO
San Andrés, 9-10 — Teléfono 2452

▲ O réxime atribuíuse a idea da construción de vivendas para pescadores, pero esta xa fora concebida cando a fundación dos pósitos.

El Ideal Gallego, 19/10/1947



▲ O barrio das Casas Baratas foi concebido como vivendas para pescadores. A actual *Casa da Cultura* fixo de escola e *Casa del Pescador*.

▼ A sociedade tivo a súa sede en varios locais: Cantón de Cora, Salón España, Salón Pelayo, O Peteiro e Avenida do Mar.



Franco (Peteiro) ou o Salón Pelayo, que foi alugado para a celebración de bailes e actividades culturais. A finais do 1929 o Pósito trasládase a un local propiedade de Francisco Sabio, que antes fora Casino Mugardeés, na mesma rúa Aviador Franco e que sería o seu lugar definitivo.

A José A. Doval Sánchez relevouno na presidencia Santiago Lago no ano 1924, nun cargo que as máis das veces foi de curta duración pola renuncia dos interesados, o que non impedía que volverán a repetiren nalgunha ocasión: Santiago Ferrer, Gabriel Rega, Juan Regueira ou Aniceto Castro foron algúns deles. En xaneiro de 1936 Juan Prieto Balsa, o que un mes máis tarde converteríase en alcalde de Mugarzos pola Frente Popular, foi tamén presidente do Pósito.

Xa en plena ditadura franquista, en sesión celebrada o 20 de setembro do 1944, verificase o cumprimento da Orde do Ministerio de Traballo de 31 de Marzo de 1943 pola que os traballadores do mar quedan encadrados dentro da *Comunidad Nacional-Sindicalista*, no *Sindicato Vertical de Pesca*. Na mesma sesión queda constituída a *Cofradía de Pescadores de San Telmo de Mugarzos* e foi nomeado Patrón Mayor Esteban Cortizas Vilar.

O 18 de outubro de 1947 celebrouse en Mugarzos o acto de entrega dun grupo de 69 vivendas para pescadores. O conxunto incluía, formando unha praza, a Casa do Pescador (actual Casa da Cultura) e un grupo escolar. A idea, que se atribuíu o réxime, xa fora incluída dentro dos obxectivos perseguidos pola fundación dos Pósitos: a creación de Casas do pescador e o fomento da construción de casas baratas para os mariñeiros.



A Escola do Pósito

A escola comezou a funcionar, practicamente, ao mesmo tempo que o facia o Pósito, no local que era a súa sede no Cantón de Cora nº 4. A *Caja Central de Crédito Marítimo* vai a ser o organismo que financie o soldo do mestre e o equipamento escolar. Pola documentación do arquivo da Confraría de Pescadores sabemos que, nun principio, as clases eran nocturnas aínda que nunha reunión da Xunta Directiva celebrada o 14 de marzo de 1923, e segundo expón o Director xerente Antonio Casado Ferreiro a organización das mesmas non resulta satisfactoria xa que só asisten con regularidade tres mariñeiros e que o resto da matrícula está composta por nenos que non se adican ás faenas da pesca. Propón a creación dunha escola diúrna para nenos e que, máis adiante poderíanse crear clases profesionais para adultos sempre que o concedese a *Caixa Central*.

Acórdase apoiar a proposta; que as clases duren cinco horas diarias e solicitar á devandita caixa unha axuda económica para aboar un soldo de 1.600 Pts. anuais ao mestre e 250 Pts. para material escolar. Tomouse a decisión de cambiar de local, xa que o actual non reunía as mínimas condicións para funcionar como escola, ao *Salón España* da rúa Aviador Franco (Peteiro).

En xaneiro de 1924 xa había unha matrícula de 61 alumnos, que foi medrando nos anos vindeiros. Nun principio na escola exercía como profesor o patrón de cabotaxe Vicente Martínez Pérez, mais A *Caja Central de Crédito Marítimo* esixía que os profesores da escola tiñan que ter o título de mestre nacional e varios foron os

que exerceron nesta escola ata os anos 50:


- > 1924-1925: Manuel Ríos Vázquez
- > 1926-1934: Ignacio Noya Corral
- > 1935- finais anos 40: Argemino García Dopico
- Andrés García, Xoán

Rubia e Yuyi Bastida foron á escola do Pósito nas décadas dos 50 e 60 do século pasado, e todos lembran con moito agarimo ao que foi o seu profesor, Manuel López

▲ **Mestres e alumnos posan fronte o edificio do Peteiro, 1947.**

▼ **Distribución interior da escola no edificio do Peteiro.**

Debuxo de Andrés García.



O soldo do mestre era de 1.600 Pts. anuais e outras 250 Pts. investíanse en material escolar.



López. En tempos da escola franquista don Manuel, un home do réxime, era un mestre "fóra do normal" para a época.

Asistían á escola arredor de 80 nenos: os maiores ocupaban a parte dianteira do local do Peteiro e os máis pequenos a traseira, baixo a supervisión dun alumno maior "avantaxado"; separada por unhas arcadas e que eles coñecían como "a gale-
ría", por ese elemento que

▼ O neno Xoán Rubia debutou nun dos festivais que se celebraban na propia escola.

Foto cedida por Xoán Rubia.



permitía unha fermosa vista da ría e o peirao de Mugar-
dos. No local había un palco, onde se desenvolvían os festi-
vais escolares (Xoán Rubia debutou nalgún deles) e no que a orquestra amenizaba os famosos bailes do Pósito, cunha cantina no soto para tomaren algún "refrixerio". Os recreos eran no campo da catedral, coñecido daquela como a cruz dos caídos, onde se xogaba "á pelota" en partidas "ao rebumbio". Cando remataba o tempo de lecer, o mestre facía sonar un pito para regresar á escola (sempre había algún que se atrasaba) a "desfrutar" do leite en po da axuda ame-
ricana, que se completaba pola tarde na merenda co queixo en lata: se alguén non podía levar o pan, don Manuel mercábao para eles. Como complemento ás clases Ignacio Rebolle-
do, marido da profesora de música Acacia Varela, subía ao Pósito a ensinar os nós e

Os recreos eran no campo da catedral, coñecido daquela como a Cruz dos caídos, onde se xogaba á pelota en partidas ao rebumbio.

◀ Ao palco da escola chegaban a subir orquestras para amenizar os famosos "bailes do Pósito".

as faenas mariñeiras a todos os que estaban interesa-
dos. Non todo ía ser estudo e enciclopedia Álvarez e, por iso, don Manuel lía ou contaba fabulosas historias mariñeiras que acompañaba con debuxos no encerado de animais e criaturas mariñas.

Co tempo a escola trasladouse ao novo edificio da confraría no peirao onde exerceu como mestre, xunto con don Manuel, José García Dorado. Cando derrubaron a escola laica para construíren un novo grupo escolar, as nenas pasaron temporal-
mente á *Casa do Pescador (O Fogar)* e os nenos a esta do Pósito. Coa inauguración do colexio público *Unión Mugardeza* no ano 1973, pechou definitivamente a Escola do Pósito na que se formaron durante cincuenta anos varias xeracións de mugardeses. ¶

BIBLIOGRAFÍA:

ANSOLA FERNÁNDEZ, A. (2005): *"Una pesca feliz: a propósito de Alfredo Saralegui y sus Pósitos de Pescadores (1915-1936)"*. Asociación Española de Historia Económica, VIIIº Congreso. Santiago de Compostela

PEREIRA GONZÁLEZ, D. (2013): *"Os Pósitos de pescadores: do antigo réxime á IIª República. Unha iniciativa conciliadora?"*. Minius nº 21. Vigo

PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, e GÓMEZ BLANCO, A. (1996): *Xentes dos mares de Ferrol*. Ferrol

SARALEGUI CASELLAS, A.(1928): *"La labor de la Caja Central de Crédito Marítimo"*. Asamblea de Pesca marítima vasca. San Sebastián.

FONTES CONSULTADAS

Arquivo da Confraría de Pescadores San Telmo de Mugaridos

Libros de actas (1922-1948)

Arquivo do Reino de Galicia

PRENSA EN INTERNET

GALICIANA. BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA:
www.biblioteca.galiciana.gal

El Correo Gallego

El Ideal Gallego

Heraldo de Galicia



A lancha dos castelos


José
Sousa

Todos os días eu e o meu can Goliath imos dar os nosos roteiros pola Redonda e o seu entorno, e cando imos de regreso cara á casa sentámonos un anaco nese fermoso banco panorámico, que un veciño da Redonda tivo a ben poñer nese sitio espectacular dende o que podes ver o castelo de San Felipe, coa súa aldeña a beira do mar, coas súas casas enfiladas nun kilómetro máis ou menos de lonxitude e xirando un pouco a cabeza ves ata o peirao de Mugar dos e a cidade de Ferrol. Este veciño puxo tamén un pequeno cartel fixado

nun loureiro no que pon: "Mirando al mar pensé que..." e aí co silencio e mirando o mar veñen a min os recordos das lanchas da liña de Ferrol, Castelo da Palma, Castelo de San Felipe que tanto usabamos os veciños da Redonda e os de San Felipe cando eu era un neno, sempre compartida cos militares dos castelos.

A lancha nos seus comezos era de carácter militar pero por uns motivos ou outros motivos case que a metade das veces estaban sen servizo e alá polos anos 50 chegaron a un acordo cos propietarios que xa tiñan a

liña de Curuxeiras-A Graña que era a familia Bueno da Graña e comezaron a facer a liña cunha embarcación a vapor chamada "Josefa Amalia" tiña 3 tripulantes: o proel (Manolo) que se ocupaba do bicheiro, o gancho e tamén era o cobrador, o maquinista (Cholo) e o patrón (Pastor) que desde a ponte dáballes as ordes ó maquinista por medio dun tubo que comezaba cunha especie de embudo, dise funil en galego, e o maquinista escoitaba polo outro extremo, tamén con forma de funil: abante pouco a pouco... Pasados uns poucos anos cambiaron a lancha



Na lancha tiñan preferencia os militares, xa que tiñan un convenio coa empresa. Na cámara de popa había un banco corrido reservado aos comandantes dos dous castelos e as súas familias.

pola *Santa Teresa*, unha embarcación xa a gasoil e como todos os avances reduciron a tripulación a dúas persoas porque as lanchas na ponte xa levaban un mecanismo polo que o mesmo patrón xa gobernaba a máquina e decidía a velocidade que precisaba. Máis tarde tivemos outra lancha chamada *Vila da Graña* que facía 3 viaxes, o primeiro sobre as 8 da mañá, outro sobre as 2 do mediodía e a última as 7 da tarde. Case sempre viñan cheas pois entre os militares que ían a Ferrol e tódolos veciños das dúas aldeas, que estabamos na mesma situación,

► A *Santa Teresa* foi a primeira lancha a gasoil, o que fixo reducir a tripulación a só dous homes.

pois naquel tempo a mobilidade era reducida pola falta de medios, na miña aldea da Redonda nos moviamos no coche de "San Fernando", "un pouco a pé e outro camiñando" e o que tiña unha bicicleta xa era un privilexiado, iso que



na Redonda eramos máis ou menos uns 200 veciños, polo que nos resultou moi cómodo que nos deixasen coller a lancha desde o castelo. Para usar a lancha pasabamos por dentro do castelo desde a entrada ata a rampa e os que

A zona do peirao de Ferrol era un fervedoiro de xente todos os días e sobre todo pola semana pois daquela aínda funcionaban a Pisbe, a Lonxa, Comandancia, Obras de puerto, fábrica de lápices, Frigorífica, cuartel de Instrucción, Arsenal...

utilizabamos a lancha con frecuencia xa coñeciamos a todos os militares desde o comandante ata o último soldado en chegar, que ademais tamén no tempo libre viñan ás tendas a tomar un chiquito ou incluso ao comezo dos anos 60 a ver a televisión pois no castelo neses anos non tiñan cantina. Os veciños que usabamos a lancha nos primeiros tempos tiñamos que sacar un pase que nos pedía cada día o sentinela da porta, pero pasado un tempo como sempre eramos os mesmos e xa nos coñecían deixaron de pedilo.

Na lancha tiñan preferencia os militares e ademais non lles cobraban, xa que tiñan un convenio coa empresa. Na cámara de popa había un banco corrido no que non se podía sentar ninguén pois estaba reservado para os comandantes dos dous castelos e para as súas familias e, por certo, en ocasións, retrasábase a saída

da lancha porque a muller ou os fillos do comandante non chegaban á hora.

O patrón da lancha, o Sr. Pastor coñecía a ría coma a palma da man. Atracar na rampa do castelo con temporal non era nada doado, e a chegada a boia da entrada ao peirao de Curuxeiras nas mañás de néboa tampouco era fácil, así que el entraba cunha marcha máis lenta pero segura e nos achegaba ao noso destino.

Esta liña fixoa a empresa *Bueno-Martorrel* ata finais dos 70. A partir desa data *Dieste-Gómez* merca as lanchas *Santa Teresa* e *Villa de la Graña* e comezan a facer as viaxes ata os castelos, e pasado un tempo esta liña pasou a facela a empresa *Retrasub*.

Naqueles anos á darsena de Curuxeiras chegabamos moitos viaxeiros das 5 liñas de lanchas de pasaxeiros que traballaban dentro da ría. A zona do peirao de Ferrol era un fervedoiro de xente

todos os días e sobre todo pola semana pois daquela aínda funcionaban a *Pisbe*, a Lonxa, Comandancia, Obras de puerto, fábrica de lápices, Frigorífica, cuartel de Instrucción, Arsenal e, claro, onde sobe e baixa moita xente móntanse negocios que funcionan ben. Nas rúas do peirao sobre todo na rúa do cárcere (hoxe Benito Viceto) e na rúa San Francisco non había ningún baixo no que non houbera un negocio: restaurantes, cafeterías, tendas de ultramarinos, forno, farmacias reloxerías, consignatarios, consulado, carnicerías, perruquerías, zapaterías, pastelerías, tintorería, tendas de roupa e arranxo de calzado, casas de hospedes, ferreterías, imprenta, barbeiros, añañadores, churreiras... en fin hoxe lle chamariamos "*A milla douro*".

Hoxe, pasados uns 60 anos, cando vou dar unha volta por ese Ferrol Vello dame moita pena, séntome nalguna das terrazas e veñen á miña cabeza recordos e penso: "o que podía ser e non foi...".

Da *Praza de España* ata o peirao máis do mesmo, das unha volta polas rúas principais e os baixos antes comerciais nun tanto por cen bastante importante locen carteis "se vende", "se alquila", "se traspasa", cando

► Para usar a lancha pasabamos por dentro do castelo desde a entrada ata a rampa.





▲ Á dársena de Curuxeiras chegaban cinco liñas de pasaxeiros. Na foto, a Santa Teresa.

ai uns anos estas mesmas rúas estaban sempre cheas de xente dado que nos xuntabamos os de Ferrol e todos "os da outra banda" ademais dos que viñan nos autocares dos diferentes lugares da bisbarra e sen olvidarse da cantidade de militares que de distintos departamentos se facían notar, tanto mariñeiros coma soldados enchían a cidade.

Leo algun eslogan como "*Ferrol mola*" e creo que a frase está moi ben pero comercialmente a falta de tránsito da xente deixou de molar aínda que sí sería interesante que ese Patrimonio sempre quede ahí, que se traballe pola súa conservación.

Pero todo isto que nos transmite Ferrol témolo en maior ou menor medida en todas as cidades

e pobos xa que os costumes de como nos divertíamos e como consumíamos cambiaron moito dende aquela. Hoxe dende a casa podemos facer case que de todo en entre esta forma de consumir e os centros comerciais está case que todo o peixe vendido, xa se sabe o peixe grande como o pequeno, e por moito que se diga iso de consumir produtos de proximidade, comercio local, Kilómetro cero... penso que os cartiños viaxan lonxe.

Á xuventude que xa cando nace está co móbil na man parece que isto sempre foi así, pero os que

xa imos tendo unha idade e podemos comparar chegamos a pensar que tempos pasados foron mellores sobre todo no social, en compartir, en consumir porque os nosos, aínda que poucos, cartiños quedaban cerquiña e pouco a pouco víamos como prosperaban os pobos e as cidades. Agora ó ver as rúas baleiras danos a sensación de que non hai vida e se ven máis tristes.

Pero isto xa non ten volta atrás, hai que ir cos tempos, que non son peores só son diferentes. ¶

Hoxe, cos centros comerciais, está case todo o peixe vendido. Xa se sabe: o peixe grande come o pequeno e, por moito que se diga iso de consumir produtos de proximidade, comercio local, quilómetro cero... penso que os cartiños viaxan lonxe.

A igrexa de Meá ameazada de ruína



José Manuel
Castro García

O estado no que se atopaba a igrexa de Meá no século XIX debía de distar moito de ser o ideal. Son varias as obras de reforma que se executaron neste século destinadas á súa reparación e evitar o que parecía a inminente ruína da igrexa. Por este feito, a mediados do século, o entón párroco, Francisco Pablo Feás, dirixirá unha carta ao arcebispado de Santiago advertindo do estado ruinoso da mesma e incluso chegando a solicitar o seu traslado a outro lugar.


Todas as obras realizadas quedaron rexistradas na documentación custodiada no *Arquivo Histórico Diocesano de Santiago*, nos fondos relativos ás reparacións dos templos e especialmente nos libros de fábrica parroquiais. Estes libros consisten nun rexistro da contabilidade da parroquia, onde se levaba conta dos ingresos e gastos anuais aos que se facía fronte. Neles queda

constancia dos custes das obras efectuadas, pero tamén doutros gastos máis cotiáns relacionados co culto, como a compra de cera para candeas, a roupa litúrxica ou incluso os pagos aos gaiteiros e aos fogueteiros polo día do patrón. Grazas a esta documentación tamén podemos obter unha información fundamental sobre como era a igrexa hai aproximadamente 200 anos, así como os recursos



▼ Fig. 1: Vista do exterior da igrexa de Meá. Fotografía do autor

En Meá, como seguramente aínda se continuaba a facer en moitos lugares de Galicia, aínda se daba sepultura ós fregueses dentro das igrexas a pesares de levar prohibido case vinte anos.



que foron empregados nas obras realizadas, o seus custes ou que tipo de materiais se utilizaban na construción da época.

Se observamos o plano socioeconómico do século XIX, con respecto á Igrexa como institución, este vai estar caracterizado polas desamortizacións, primeiro a de Mendizábal e posteriormente a de Madoz. A primeira delas levarase a cabo de 1836 a 1837 e afectará unicamente aos bens do clero regular, é dicir, aos pertencentes a mosteiros e conventos. En 1851, baixo o goberno moderado, o estado asinará un novo concordato co fin de retomar as relacións coa Igrexa católica. No mesmo, a Igrexa recoñecía a privatización dos bens que lle foran expropiados e como contrapartida obtiña concesións do estado¹, entre as que figuraban o establecemento de soldos para os párrocos ou axudas para os gastos do culto parroquial, que non poderían ser inferior a 1.000 reais anuais².

Entre 1854 a 1856 ten lugar a desamortización de Madoz, que neste caso si que afectará aos bens do clero secular, como os pertencentes a bispados, parroquias e confrarías. Ata este momento, as parroquias contaban con bens de seu, como terreos ou inmobles, dos que obtiñan beneficios a través do seu arrendamento. Polo tanto, veranse especialmente afectadas por esta última

desamortización, xa que perderán unha fonte importante de ingresos e terán máis dificultades para conservar e manter os templos, polo que será o estado o que termine por facerse cargo destes gastos.

AS PRIMEIRAS OBRAS

As primeiras obras das que se ten coñecemento no século XIX corresponden á realización de sepulturas no interior da igrexa. No libro de fábrica da parroquia queda constancia de que en 1804 págaselle a Manuel Sierra, mestre canteiro de Codeseda «...por quarenta e cinco sepulturas que se pusieron desde el arco de la Capilla Mayor hasta la Puerta Mayor de la Yglesia...»³.

Os enterramentos no interior das igrexas viñan sendo algo habitual case dende os comezos do cristianismo, pero en España tentouse poñer freo a esta práctica en 1787 mediante unha Real Cédula ditada polo rei Carlos III. Na mesma prohibíanse os enterramentos no interior dos templos por motivos hixienistas e establecíase que os cemiterios debían construírse en lugares illados das poboacións. Deste xeito buscábase evitar posibles epidemias pola proximidade dos cadáveres, como a desatada en Pasaia en 1781. Vemos que en Meá, como seguramente aínda se continuaba a facer en moitos lugares de Galicia, aínda se daba sepultura ós fregueses dentro das igrexas a pesares de levar prohibido case vinte anos.

Posteriormente, en documentación de 1860, tamén se menciona que o propio adro da igrexa era empregado como cemiterio. Aínda así, o primeiro cemiterio parroquial propiamente dito, o hoxe coñecido como o cemiterio vello, non se construíría ata o ano 1899, como está inscrito no portal da entrada ao mesmo.

1 Jesús Angel Sánchez García, Faustino Domínguez Domínguez y la arquitectura gallega del siglo XIX (Coruña: Editorial Diputación Provincial, 1997), 65-66.

2 Carlos Ramón Fort, El Concordato de 1851 comentado y seguido de un resumen de la disposiciones adoptadas por el gobierno de S.M. sobre materias eclesiásticas: desde la celebración de aquel convenio hasta enero de 1853, Segunda, corregida y ampliada por el autor (Madrid: Imprenta y fundición de don Eusebio Aguado, 1853), 24-25.

3 Libro de fábrica e visitas da parroquia de San Vicente de Meá, 1807_1855.

▲ Fig. 2:
Planta da
igreja.
Elaboración
propia.

► Fig. 3:
"Santa Lucía
de Meá" 1930.
Óleo sobre
lenzo do
pintor Felipe
Bello Piñeiro.
Propiedade
da familia
Aler. A
Coruña.



Sabemos que este muro contaba cunha fiestra no pasado, que debeu ser tapiada nalgún momento do século XX, como quedou plasmado por Felipe Bello Piñeiro

Entre 1840 e 1841, sendo párroco Francisco Pablo Feás, lévanse a cabo obras de reparación no tellado e en 1842 encálase o exterior e o interior. Continúanse neste ano os traballos de reparación do tellado e, segundo parece, desmontouse unha das paredes e reconstruíuse de novo: «para deshacer la pared inútil desde la puerta hasta la portada principal, construirla de nuevo casi desde los cimientos, hacer local y colocar la pila de agua bendita y tragaluz»⁴.

No libro non figuran máis indicacións sobre cal dos muros da igrexa foi o que se reconstruíu. Unicamente nos indica que era un dos que chegaba ata a fachada principal, polo que debía ser un dos muros laterais da nave, e que este contaba cun «tragaluz», é dicir, unha fiestra. Poderíamos pensar que este muro fose o do lado da epístola (o orientado ao sur e que da fronte á estrada), xa que este conta cunha fiestra. Con todo, parece máis probable que fose o oposto, o do lado do evanxeo (orientado a norte e que da fronte ao adro), posto que no libro di que o muro vai dende a porta, referíndose posiblemente á da sancristía, ata a portada. Ademais sabemos que este muro contaba cunha fiestra no pasado, que debeu ser tapiada nalgún momen-

4 *Libro de fábrica e visitas da parroquia de San Vicente de Meá*, f. 106-107.

to do século XX, como quedou plasmado por Felipe Bello Piñeiro no cadro de que se reproduce na Fig. 3⁵.

AS ADVERTENCIAS DO PÁRROCO EN 1860

A década de 1860 va a estar caracterizada por un cambio na relación da Igrexa e o Estado. En 1859 asinase un novo convenio entre o Goberno de España e a Santa Sede, polo que o estado comprométese a facerse cargo dos gastos de reparación dos templos e outros edificios dedicados ao culto. Nesta situación, para levar a cabo as reparacións nos templos seguíase o mesmo proceso: realizábase unha solicitude ao arcebispo por parte do cura da parroquia, corroborada, ademais, polo alcalde da localidade. Esta era examinada pola *Junta Superior de Construcción e Reparación de Templos* da diocese e, se se consideraba oportuna, trasladábase ao Gobernador Civil, o cal encargaba o proxecto necesario ao Arquitecto Provincial⁶.

Seguindo este proceso, o 12 de maio de 1860, o párroco de Meá, Francisco Pablo Feás, xunto ao alcalde de Mugarodos, José Vázquez Bugueiro, asinan unha carta dirixida ao arcebispado, alertando do mal estado que presentaba a igrexa: «[...] La iglesia está en estado ruinoso deplorable y su reducidísimo atrio sirve de cementerio»⁷. O párroco fai unha descrición detallada dos males que afectan ao templo, algúns dos cales transcribense a continuación:

5 Andrés Mosquera Rodríguez, *Felipe Bello Piñeiro (1886-1952), O Movemento renovador da arte galega* (Sada, A Coruña: Edicións do Castro, 1989), Lámina 40.

6 Sánchez García, *Faustino Domínguez Domínguez y la arquitectura gallega del siglo XIX*, 124-25.

7 «Obras de construcción y reparación de templos». *Mazo 40. Arciprestazgo de Bezoucos. 1850-1865*, Templos, s. f., accedido 9 de agosto de 2022.

Chama a atención o “tinglado” que debeu de facerse para acoller aos fregueses que quedaban fóra nos días de moita afluencia. Seguramente, este sería algún tipo de alpendre de madeira e tella co que aínda contan moitas igrexas rurais.

Su techo está anunciando inminente ruína; sus paredes descalabradas y sin nivel; en fin, expuesto a venir a tierra un día de tempestad; y en atención a que hay que hacerlo nuevo, es de imperiosa necesidad edificarla en otro sitio más proporcionado porque el que ahora ocupa es enteramente escéntrico a la mayoría de los feligreses muy separados para cumplir con los deberes de la religión⁸.

Ademais o párroco dá outras advertencias, como que o mar ía minando rapidamente a beira próxima á igrexa e que en poucos anos remataría por absorbela, como xa pasara con outras propiedades da zona. Aínda hoxe é ben sabido como toda a beira da enseada de Santa Lucía, formada por cantís

8 «Obras de construcción y reparación de templos». Mazo 4o. Arciprestazgo de Bezoucos. 1850-1865.

▼ Fig. 4: Vista actual da nave da igrexa. Nas obras da década de 1860 reconstruíronse o tellado, logo oculto tras un ceo raso de barrotillo. Tamén se fixo de novo o coro cunha estrutura de madeira (o actual, de formigón armado, data do século XX). Fotografía do autor.



rochosos de xisto, sofre desprendementos con frecuencia.

O crego tamén afirma que a igrexa estaba a quedar pequena e que o seu tamaño era insuficiente para a acoller aos fregueses da parroquia, xa que a poboación medrara moito por aqueles anos:

Notorio es el rápido aumento de vecinos en esta parroquia de pocos años a esta parte: cuenta ya más de cincuenta hogares, y siendo como es tan pequeño el templo, se nota con sentimiento que muchos de los fieles que asisten a los divinos oficios especialmente a las misas populares, tienen que quedarse fuera y a campo raso, pues no llega para librarlos de la intemperie, sino un tinglado que al efecto se hizo⁹


Chama a atención o “tinglado” que debeu de facerse para acoller aos fregueses que quedaban fóra nos días de moita afluencia. Seguramente, este sería algún tipo de alpendre de madeira e tella co que aínda contan moitas igrexas rurais. Este alpendres podían estar situados sobre a porta principal, como ocorre na veciña igrexa de Santa Olaia de Lubre ou ben nun lateral, como o de Santa Mariña de Sillobre. No caso do de Meá, carecemos de indicacións suficientes sobre onde podería estar situado.

Na carta sinálase que o custe das obras deberá asumilas o Estado, en base ao orzamento que este destina ao mantemento do templos parroquiais. Tamén se suxire que o mellor lugar para a construción dunha nova igrexa sería a zona do Novás, por ser un lugar céntrico da parroquia. Ademais, co fin de reducir os custes da obra, afirma que os propios fregueses poderían axudar na súa execución.


En resposta a esta carta, o arquitecto provincial, Faustino Domínguez¹⁰, elaborará un informe sobre as obras precisas para a reparación do templo, xunto co seu correspondente orzamento. No mesmo, aclara que a

9 «Obras de construcción y reparación de templos». Mazo 4o. Arciprestazgo de Bezoucos. 1850-1865.

10 Faustino Domínguez (1817-1890) foi un dos principais arquitectos da Galicia do século XIX, caracterizado polo emprego do estilo neoclásico. Ostentou diversos postos institucionais, como o de arquitecto da Deputación da Coruña, entre 1846 e 1887, e o de arquitecto diocesano de Santiago de Compostela ente 1877 e 1883. Na súa labor en ambos cargos interveu en obras de reforma e restauración de multitude de igrexas, moitas da comarca ferrolá como San Xiao de Mugardos, San Salvador de Maniños, San Pedro de Cervás ou San Xosé de Ares. Sánchez García, Faustino Domínguez Domínguez y la arquitectura gallega del siglo XIX, 125-26.



▲ Fig. 5: Hipóteses do desplome do arco toral. Elaboración propia.



▲ Fig. 6: Esquema das deformacións producidas nos muros por un deterioro da estrutura da cuberta. Elaboración propia.

igreja non se atopa tan próxima ao mar como para que fose destruída por este, polo que non se podía apoiar a idea do seu traslado e que, polo tanto, debe repararse a existente. É posible que, tal vez, o párroco esaxerase un chisco con respecto ao estado real no que estaba a igrexa. Deixase entrever que, ao mellor, a súa intención sería a de poder contar cunha nova igrexa, mellor situada e de maiores dimensións que a existente.

As obras que precisa a igrexa son descritas de forma exhaustiva e con gran precisión polo arquitecto, que dunha forma resumida, consistían no seguinte:

- > Renovación de todo o tellado, con vigas, pontóns e armaduras de castiñeiro, rematado por tella asentada e emboquillada con argamasa. Contará tamén cun ceo raso de barrotillo.
- > Facer o piso do coro e a súa escaleira de acceso en madeira de castiñeiro.
- > Facer o piso de madeira da sancristía.
- > Volver a facer dúas vidreiras.
- > Repoñer a madeira e a tella do "tinglado" que ten a igrexa para o refuxio da xente cando chove.

O custe das obras valórase en 24.442 reais, dos que se descontarían 3.000 debido a que algúns dos traballos serían desenvolvidos polos propios veciños.

- > Enlousado de cantería do chan da igrexa
- > Restauración do altar maior, as súas pinturas e dourados, construíndo de novo a mesa por estar a actual totalmente inservible.
- > Recompoñer o muro do adro con cachotería de pedra.

O custe das obras valórase en 24.442 reais, dos que se descontarían 3.000 debido a que algúns dos traballos serían desenvolvidos polos propios veciños, resultando un total de 21.442 reais.


As obras serán adxudicadas por medio de poxa a Juan Manuel de Castro, veciño de Ares, xunto a outras que se habían de facer na igrexa de San Xoán de Piñeiro. Finalmente, o párroco informa de que en 1863 as obras estarían rematadas e que en 1864 o arquitecto provincial as tería recoñecido¹¹.

A RECONSTRUCCIÓN DO ARCO TORAL

A pesares da profunda restauración que se levará a cabo na igrexa na década dos 60 do século XIX, semella que isto non foi suficiente para atallar os problemas de deterioro que viña arrastrando. Así, en 1878 terán lugar obras de gran calado que afectarán ao arco toral que separa a nave da capela maior, xa que este se atopaba en moi mal estado e ameazaba ruína.

Segundo se recolle no libro de fábrica da parroquia, as obras precisas son de urxente necesidade: «...cuyas obras en resumen son re-

11 «Obras de construción y reparación de templos». Mazo 4o. Arciprestazgo de Bezoucos. 1850-1865.



▲ Fig. 7: Deformación da pilastra norte de apoio do arco toral. Nótase a inclinación cara a zona leste, correspondente co presbiterio. Elaboración propia.

Grazas a un levantamento realizado por fotogrametría no Máster de Rehabilitación Arquitectónica da Universidade da Coruña, pódense comprobar as deformacións e desplomes existentes nos muros da igrexa.

formar el arco toral de la iglesia que anunciaba casi ruína y se hallaba apuntalado»¹².

A obra foi levada a cabo por Manuel Castro e, segundo queda indicado nas contas da parroquia, o seu custe ascendeu a 2.959 reais. Ademais, incidese en que para a reconstrución do arco empregáranse doelas máis grandes que as existentes. Presumiblemente, o arco foi desmontado ata o nivel da imposta e seguramente foi necesaria a desmontaxe de parte do tellado da capela maior e da nave. As obras rematarían co encalado da igrexa e o pintado das portas en cor verde.

AS PEGADAS DAS OBRAS NA ACTUALIDADE

Tódolos edificios gardan unha especie de memoria dos cambios que foron sufrindo ao longo da súa existencia. Ás veces son moi evidentes e outras máis sutís, como unha cicatriz ou unha tatuaxe. No caso da igrexa de Meá pode resultar difícil ver estas marcas, posto que presenta tódolos seus muros recibidos e pintados, como unha maquillaxe que o cubre todo. Mais, as obras que acabamos de describir tamén deixaron a súa marca, de forma sutil, pero aínda perceptibles.

Grazas a un levantamento realizado por fotogrametría no Máster de Rehabilitación Arquitectónica da Universidade da Coruña, pódense comprobar as deformacións e desplomes existentes nos muros da igrexa, se ben é certo que algúns deles xa son apreciables a primeira vista, como ocorre co arco toral.

O que podemos observar é un claro desplome nas cabezas dos muros da nave, con desprazamentos cara o exterior de máis de 15 cm con respecto da base. Tamén se observan movementos nos apoios do arco toral, especialmente no do lado da epístola (correspondente coa orientación sur da igrexa), cunha clara inclinación cara o exterior. Non resulta así no apoio do lado do evanxeo (orientación norte da igrexa), xa que os muros da sancristía actúan como contraforte. Por outro lado, o arco apenas está deformado, conservando a traza semicircular. É dicir, o arco non está deformado pero os seus apoios si, o que nos indica que o novo arco foi edificado sobre os contrafortes existentes e que nas obras non se interveu neles para corrixir a súa inclinación.

Por último, tamén se aprecia un lixeiro afundimento da cabeceira cara o seu lado leste, que tamén é visible nos apoios do arco toral, xa que están inclinados cara a zona do altar.

Pero, cales foron as causas destes problemas, que case levaron á igrexa á ruína? Pois non podemos aseguralo con certeza, pero si pódense apuntar algunhas posibilidades:

- > Por unha banda, poden deberse a problemas na estrutura da cuberta, xa que hai constancia de que o tellado foi reparado nos anos 1840-41 e logo reconstruído no 1863. Cabe recordar que nestes casos era habitual o emprego de cubertas de madeira cun sistema de armaduras formadas por dúas vigas principais que formaban os faldóns e un tirante que recollía os empuxes horizontais. Se este tirante fallaba, os empuxes da cuberta trasladábanse aos muros. Este problema explicaría porque os muros da nave

12 Libro de fábrica e visitas da parroquia de San Vicente de Meá, 1859_1888, f. 15.



▲ Fig. 8: Vista actual do arco toral e do retablo. Nótase que aínda se aprecian as deformacións nos muros e nas pilastras do arco. Fotomontaxe sobre imaxe fotogramétrica elaborada polo autor.

están abertos cata o exterior, incluso cando un deles fora reconstruído en 1842.

> Por outro lado, tamén é probable que existise algún problema no terreo, como que este non fose o suficientemente resistente ou que tivera sido alterado por factores externos, como escorrentías de auga ou correntes de terra. Isto explicaría, ademais dos desplomes dos muros, a inclinación dos apoios do arco cara a zona do presbiterio.

Con todo, tamén resulta posible que as causas foran unha combinación destes dous fenómenos en maior ou menor medida. Si que se podería descartar que a orixe destes problemas fosen os empuxes que exerce o arco toral cara o exterior, xa que no caso da igrexa de Meá, os seus contrafortes son suficientes para contrarrestalos. Fora o que fose, parece que estes problemas soluciónáronse dun ou doutro xeito, xa que hoxe en día non se atopan na igrexa indicios de que se sigan a producir movementos, como a aparición de gretas nos seus muros.

CARA O SÉCULO XX, UN NOVO RETABLO

O século XIX quedaba atrás e deixaba tras de si unha intensa campaña de obras que evitaron a ruína da igrexa. Con todo, estas non serían as últimas e veremos como xa nos primeiros anos dos século XX haberá novas intervencións. Se ben estas xa quedan fóra do ámbito cronolóxico deste pequeno artigo, non podo resistirme a describir a renovación do retablo que se efectuou no ano 1914, dando lugar ao que se conserva na actualidade.

Este foi una doazón efectuada polo entón capelán da igrexa, o sacerdote mugardés

► Fig. 9: Fotografía coloreada do retablo maior da igrexa de Meá no ano 1914. Arquivo persoal de Francisco Rubia Alejos.

Lucas Gelpi, por entón aínda moi novo. Os detalles da obra publicáronse nunha nova emitida polo periódico mugardés Democracia, indicándose que o seu artífice foi o carpinteiro Manuel Mauriz e que o retablo ía ser inaugurado o día das flores¹³. Grazas a esta obra, tamén conservamos a que probablemente sexa a fotografía máis antiga do interior da igrexa, e que grazas a Francisco Rubia podo mostrar aquí.

Este retablo é de madeira policromada e de inspiración clasicista. Conta con tres rúas, cun corpo baixo estruturado a base de columnas de fuste liso rematadas por capiteis con decoración vexetal. O conxunto está rematado por un ático, formado por un frontispicio semicircular presidido pola imaxe de San Vicente mártir, patrón da parroquia.

O novo retablo substituíu a outro máis antigo, o cal fora traído da parroquia de Lubre alá polo século XVIII e do que se descoñece cal foi o seu paradoiro. Pero, como chegou un retablo da parroquia de Lubre á igrexa de Meá? Iso xa é outra historia... ¶

13 «En la capilla de Mehá», Periódico Democracia, 30 de mayo de 1914.

BIBLIOGRAFÍA

Periódico Democracia. «En la capilla de Mehá», 30 de mayo de 1914.

Fort, Carlos Ramón. *El Concordato de 1851 comentado y seguido de un resumen de la disposiciones adoptadas por el gobierno de S.M. sobre materias eclesiásticas: desde la celebración de aquel convenio hasta enero de 1853*. Segunda, Corregida y Ampliada por el autor. Madrid: Imprenta y fundición de don Eusebio Aguado, 1853.


Libro de fábrica e visitas da parroquia de San Vicente de Meá, 1807-1855.

Libro de fábrica e visitas da parroquia de San Vicente de Meá, 1859-1888.

Mosquera Rodríguez, Andrés. *Felipe Bello Piñeiro (1886-1952). O Movemento renovador da arte galega*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro, 1989.

«Obras de construcción y reparación de templos». *Mazo 40. Arciprestazgo de Bezoucos. 1850-1865*. Templos, s. f. Accedido 9 de agosto de 2022.

Sánchez García, Jesús Angel. *Faustino Domínguez Domínguez y la arquitectura gallega del siglo XIX*. Coruña: Editorial Diputación Provincial, 1997.



1914

Mugardos 1920-1936

Economía, asociacionismo e algo máis



**Bernardo
Máiz
Vázquez**

Na banda sur da ría de Ferrol (a Outra Banda para os da banda de Ferrol, que é a nosa outra banda), o territorio do concello de Mugardos ocupa só 12 quilómetros cadrados.


A distancia e as malas comunicacións de Franza e San Xoán con Mugardos e aínda peores dende O Seixo, mantiveron as relacións económicas, laborais, sociais deses lugares máis dirixidas cara a Pontedeume e cara a Ferrol.

Nos anos trinta circulaban varios omnibus e camións, nunha ruta por Ares ata Pontedeume e Coruña, outra Pontedeume-Mugardos e unha terceira Pontedeume-O Seixo; dende 1912 paraba o tren na estación de Franza (situada en San Xoán) da liña Ferrol-Betanzos-Madrid, mais o transporte marítimo era o de maior importancia: Mugardos e o denominado daquela Porto do Seixo, mantiñan

cadansúa liña regular de lanchas de pasaxe con Ferrol, movendo tamén por mar a vila pasaxeiros e mercadorías de Ares e Cervás, embarcando n'O Seixo viaxeiros, maestranza e produtos de Redes, Ares, Limodre, Cabanas, Pontedeume e máis aló. En outubro de 1931 comezou a súa ruta en Mugardos a lancha obreira da sociedade "Protección Mútua", un fenómeno único de autoxestión societaria, tratado -entre outros medios- en Albela nº 1 (2019).

En 1930 a poboación mugardesa superaba as 7.000 persoas, delas arredor de catro mil agrupadas na vila con Meá, e mil oitocentas en O Seixo, os dous núcleos máis consolidados do concello. Era Cuba, cunha colonia mugardesa en Florida, o principal lugar de emigración, menor a Río da Prata, e de Alén Mar viñan cartos, obxectos e ideas, estas de progreso.

Poboación de Mugar dos



Sector do transporte

- 1** empresa de transporte por carretera ("con vehículos a motor")
- 2** empresas de lanchas de pasaje ("dos lanchas en Mugar dos y una en El Seijo, a veces dos")
- 1** cooperativa con una lancha de pasaje ("exenta de pago de contribución industrial")

Unha economía dupla e con remesas alén de mar

As actividades económicas mugardezas eran autóctonas e externas. Había unha maioría de labradores en Franza e San Xoán, moitos pescadores en Mugar dos e n'O Seixo, comerciantes, armadores... Sumemos unha destacada proporción de traballadores con salarios estables nos estaleiros ferrolás e da Maestranza, na Armada e na mariña civil. Non é posible contabilizar as remesas económicas da emigración (ben importantes), nin a produción/beneficios dun sector primario pesqueiro e labrador que abastaba aos propios, ao mercado local, e que, mercé a unha axeitada rede de transporte, tamén vendía en Pontedeume, Coruña e Ferrol.

Coñecemos os datos do "Registro de Contribución Industrial" de 1934 (cunha corrección de 1936), que dan conta dunha estable estrutura económica do sector secundario (industrial) e terciario (servizos):



Sector industrial

- 5** molinos (El Seijo, Boado y Franza)
- 5** carpinterías manuais
- 2** carpinterías mecánicas
- 1** astillero de construción de embarcaciones ("cuatro obreros")
- 1** carpintería de ribera (El Seijo)
- 3** fábricas de ladrillos y tejas
- 1** fábrica de gaseosas
- 3** fábricas de salazón de pescado ("10 obreras fijas")
- 1** taller de velamen, cuerdas y redes ("ocho obreros")
- 1** empresa pesquera ("tiene dos barcos a vapor")
- 1** central eléctrica que "reconvierte la luz" (Mugar dos)
- 1** fábrica de luz y aserradero hidráulico (El Seijo)



Sector comercial

- 13** tiendas de comestibles "al pormenor"
- 2** ultramarinos
- 1** tienda de galletas y dulces
- 4** carnicerías
- 7** hornos "de los que cinco son también despacho de pan y otros productos"
- 3** cafés "a 0,25 cts. la taza de café"
- 6** bodegones
- 10** tabernas "en cuatro de ellas hay estanco de tabaco"
- 2** fondas (una en Mugar dos y otra en O Seixo, esta "de estación")
- 9** albacerías
- 2** almacenes de vinos ("que también despachan al pormenor")
- 8** tiendas de tejidos y calzados
- 1** tienda de ropa hecha
- 2** tiendas de baratijas
- 1** carbonería
- 2** ferreterías
- 1** tienda de abonos químicos "y otros productos para el campo"
- 2** tiendas de efectos navales y artículos para pesca
- 1** salón de espectáculos de 220 butacas y 84 en clase general
- 3** salones de baile y espectáculos (Pelayo, La Pedreira y la Marina en El Seijo)
- 3** sociedades recreativas "exentas de contribución industrial"
- 2** farmacias ("una en Mugar dos y otra en El Seijo")
- 2** consultorios médicos (uno en Mugar dos y otro en El Seijo)

Un potente asociacionismo

Característica de Ferrolterra é o asociacionismo, que, como noutros eidos, manifestábase con entidades diferentes por localidades: por unha banda na vila de Mugar dos e anexos e pola outra en San Xoán, Franza, O Seixo, entidades que relacionamos cronoloxicamente en cada apartado. Asemade, moitos mugardezes e seixenses estaban afiliados ás seccións ferrolás de organizacións sindicais, políticas e recreativas.



Sociedades mariñeiras

Sociedad de Pescadores *La Igualdad* (1909). **Sociedad de labradores y Marineros** (1913), **Sindicato de Marineros, Pescadores y demás oficios de la mar** (CNT) en xullo do 1931 é presidente Juan Prieto Balsa; en xaneiro do 1933 é presidente Santiago Cortizas Iserni. **Pósito de Pescadores** (1922). Presidente: José Doval Sánchez. **Sección de aguja del Sindicato de pescadores**, (1932, CNT). No 1936 **Sociedad de obreras de velamen y similares**. Presidenta: Francisca Ferrer. Secretaria: Rosario Souto. Vocais: Francisca Uría, Marina Sequeiros. **Protección Mutua**, outubro do 1931. Presidente: José Peinado. "Sociedad de resistencia de todos los individuos que necesiten el servicio diario de transporte marítimo de Mugar dos a Ferrol".



Sociedades educativas

Unión Mugardeza de Instrucción, 1910. **Institución escolar Franza-El Seijo**, 1921. **Ateneo Libertario Naturaleza Consciente**. Mugar dos. Outubro do 1933.



Sociedades recreativas

Casino Mugardezes, 1927. **Casino Progreso de Franza**, 1927. **Sociedad de Amigos del Paisaje Gallego**, O Seixo, 1927



Sociedades agrarias

San Xoán de Piñeiro

Sociedad agrícola ganadera (1903), **La Protectora** (1909), **Cooperativa de consumo** (1912), na UGT no 1917. **Sindicato Agrícola** no 1931 con 176 socios e 84 socias. No 1934 **Sindicato agrícola de Piñeiro-Limodre**, con Juan Bouza, Enrique Casal na dirección. No 1935 Presidente: Jenaro Pérez, con Máximo Acevedo, Juan Iglesias, Emilio Felipe (?), Rogelio Casal, Ricardo Pérez, Gumersindo Seijido, Antonio Vara.

Meá

Sociedad de Agricultores *La Defensa del Agricultor*. (1910). Transformada en 1912 na **Sociedad Agrícola Ganadera del Distrito de Mugar dos**. En setembro do 1931, sendo presidente Juan Gómez Sueiras, ingresou na **Federación de Trabajadores de la Tierra (FTT-UGT)**. No 1934-1936 Presidente: Andrés Veiga, con Nicolás Fontenla, José García, Manuel del Río, Manuel Vázquez, Juan Torrente Sixto, José Rey, José Romero, Benito Cabeiro, Miguel Pereira.

Simou

Unión Liberal Campesina (1915). Presidente Constantino Prados Ardá. Desaparece en 1925-1927.

Mugar dos

Agrupación local de la Alianza Republicana de Labradores, (1931). No 1936 presidente.- Ramón Ríos Sordo. Secretario.- Constantino Ferrer González.



Sociedades obreiras

Mugar dos

Sociedad de Canteros (1912), no 1932 **Sociedad de Oficios Varios del ramo de la edificación**. UGT. Presidente: Nicolás Fontenla, con Juan Porto, José González, Andrés Dopico. No 1936 Presidente: José González, con Avelino Prado, José Díaz Díaz, Juan Otero, Juan Torrente, José Sousa, Angel Espiñeira, Andrés Dopico. **Sindicato de Oficios Varios de Mugar dos y sus contornos**, adheríronse á CNT en abril do 1936. Presidente: Lorenzo Fernández Deus, con José Castro Vázquez, Jesús Plana, Francisco Galán, Joaquín Roibal, Juan Carnero, Bernardino Carnero, Antonio Castro Vázquez, Marcelino Romero Ramos. **Sindicato General femenino de Mugar dos y sus contornos**, CNT 1936. Presidenta: Francisca Ferrer. Secretaria: Rosario Souto. Tesorera: María Vázquez. Vocais: Francisca Uría, Marina Sequeiros, Amada García.

S. Xoán de Piñeiro-Limodre

Unión de Oficios Varios. UGT. Creada en Outubro do 1931. Presidente: Fernando Vázquez López.

Seixo

Sociedad de Oficios Varios. UGT. Xullo do 1931. Presidente: Emilio Pérez.

Simou

Sociedad de Carpinteros y otros oficios del ramo de la Edificación de Mugar dos, Ares y sus contornos. 1932. UGT. No 1936 a comisión (reorganizadora?) eran Martín Varela, Antonio López, Bernardino Vila, Baltasar Couto e Manuel Portela.

Conferencia acerca de la Carretera Pedreira-Seijo-Maniños

El próximo jueves 29 de agosto de 1929, a las siete de la tarde, en el local de la SOCIEDAD AMIGOS DEL PAISAJE GALLEGO DE EL SEIJO, dará una documentadísima y admirable conferencia sobre el problema de dicha carretera, el joven e ilustre escritor, gloria de esta comarca, don:

SANTIAGO MONTERO DÍAZ

DEMOSTRARÁ:



- 1.º Que los grupos humanos, lo mismo autoridades que vecinos, tienen el deber de atender las mejoras y desarrollo de las tierras, aduciendo ejemplos históricos de los vínculos existentes entre la tierra y el hombre.
- 2.º Que entre esas mejoras figuran, como principales, los problemas de comunicaciones, y entre éstos, referidos a la comarca Fene-Mugardos, el más apremiante es el de la construcción de la carretera Maniños-Seijo-Pedreira.
- 3.º Que esta carretera no tiene un interés local circunscrito a los pueblos y caseríos comprendidos entre la Pedreira y Maniños, sino también un interés común a todos los pueblos de la Ría, por completar el circuito Circumbadial de turismo, siendo fuente de beneficios indudables para todas las tierras ribereñas de la Ría ferrolana, entre ellas, naturalmente, la capitalidad de las mismas: Ferrol.
- 4.º Que el interés extensivo a todas estas comarcas se hace intensivo, o sea, particularmente necesario, para los ayuntamientos de Fene y Mugardos por igual, comprendiendo los pueblos y caseríos (Maniños, Boado, Seijo, Franza de Abajo, Monte, Barca, Galineiro, Penedo y Pedreira) por donde materialmente cruza la carretera, sin perjudicar, en cambio, ninguno de los lugares por donde atraviesa la carretera actual de Puente deume a Mugardos.
- 5.º Que ofrece además un urgente interés como vía militar, dada la posición estratégica de este trozo de la ría, y los kilómetros que acorta en el camino del Segañó y Montefaro, viniendo de Ferrol.
- 6.º Que las ventajas económicas y militares de la carretera propuesta estriban precisamente en que sea construida INTEGRALMENTE desde Maniños a la Pedreira, pasando por el Seijo, según el plano publicado ya, condición sin la cual todos sus beneficios quedarían sin efecto.
- 7.º Que el Estado ofrece, por medio de la circular de la Diputación de 10 de Agosto de 1929, toda clase de facilidades para la construcción de caminos de esta naturaleza.
- 8.º Que ésta es, ahora y para siempre, la única e indudable ocasión que se presenta para conseguir

◀ A estrada da Palma (actual DP-3504) ideouse e iniciouse durante o período 1923-1931.

No concello 1923-1931

En setembro de 1923, con aquiescencia de Alfonso XIII, o xeneral Miguel Primo de Rivera deu un golpe de estado, afirmando sería unha situación transitoria para "regenerar" España, mais que perdurou sete anos. Clausurados o congreso e o senado, suspendidas as garantías constitucionais, prohibidas as actuacións dos partidos políticos, perseguidas a CNT e o Partido Comunista, foron cesados todos os gobernadores civís, presidentes de deputacións, alcaldes e concelleiros, pondo ao fronte das corporacións locais militares retirados e/ou persoeiros locais designados/escollidos entre as "forzas vivas", caso de Mugardos.

Neste período melloraron as infraestruturas viarias mugardesas co reforzo do peirao d'A Illa e da rampla d'O Seixo, construíron o grupo escolar de Franza, repartiron enerxía eléctrica a fábrica d'O Seixo e o repetidor de Mugardos, iniciaron a estrada a Pedreira-Maniños, chegou a liña telefónica á vila... No eido cultural destacan as actividades das entidades recreativas: cadros de declamación e canto, conferencias obras de teatro, excursións... Porén, o favoritismo, caciquismo e débedas da última corporación monárquica, explican parcialmente o éxito da candidatura republicana mugardesa nas eleccións municipais de abril de 1931, que deberon ser repetidas por irregularidades nas mesas de votación de Franza e Meá.



Alcaldes de Mugardos (1923-1931)

1923

Fernando Sanjuan Pardo
(de Franza, único alcalde mugardés de fóra de Mugardos ou Meá)

1924-1927

Jesús Martos García (faleceu no cargo)

1927

Manuel Gelpi Fernández

1927-1929

Miguel Picallo Ferrer (faleceu no cargo)

1929-1931

Manuel Gelpi Fernández


No concello

1931-1936

▼ O *Centro Republicano* fundouse no 1901 e máis tarde transformárase na *Agrupación del Partido Radical-Socialista*.

As forzas políticas antimonárquicas da vila de Mugar dos mantivéranse agrupadas trinta anos no "Centro Republicano" (fundado no 1901), e na "Juventud Republicana", o "Centro" unha sociedade de amplo espectro que en 1930 acollía nada menos que 150 socios, supomos a case totalidade dos antimonárquicos mugar deses. Moitos deles, transformado en 1931 o unitario "Centro Republicano" en "Agrupación del Partido Radical-Socialista", pasaron a outras organizacións republicanas (Partido Radical, ORGA), ao Partido Socialista, ao Comunista que rexurdiron ou naceron en 1930-1931.

Cando a gozosa proclamación da IIª República en abril de 1931 todas as organizacións mugar desas, mesmo as recreativas, daban nas mesmas demandas prioritarias: redución do desemprego coa creación e amaño de infraestruturas viarias, maior e mellor escolarización, potenciación da economía local, revisión da contabilidade do concello.



Agrupacións políticas

Agrupación Socialista (1920)

Reorganizada en abril do 1931 por Ángel Mato, Nicolás Fontenla, Manuel Fontán, Francisco Bárcena...

Partido Radical (reconstituído en 1931)

Manuel Vázquez Fariña presidente en 1933.

Agrupación Republicana Radical-Socialista (1931)

Presidente: Ramón Ríos Sordo. Despois **Agrupación local de Unión Republicana**. No 1935 en **Izquierda Republicana**.

Organización Republicana Galega Autónoma. ÓRGA (1931)

Refundada en marzo do 1933 como **Partido Republicano Gallego**. Presidente: Andrés Vilar. No 1935 a **Izquierda Republicana**.

Radio Comunista de Mugar dos (1933)

Estatutos de 1935. Secretario xeneral: Juan Prieto Balsa.

Juventudes Libertarias. FAI (1935)

Derecha Regional Gallega Femenina de El Seijo no 1932. Presidenta: Guillermina Borrás Torrado.

Irmandade Galeguista de Franza-O Seixo

Fundada na primavera do 1934, integrada no Partido Galeguista. Presidente: Gabriel Manso. Secretario: Felipe Bello Piñeiro.

BANDO

CIUDADANOS:

Cumpliendo la promesa hecha pública en la última sesión municipal, me cabe la satisfacción de daros a conocer la situación en que encontramos el Ayuntamiento y su estado económico actual, significando que tanto mis compañeros de Concejo, como yo, continuamos dispuestos a contribuir con nuestro esfuerzo al engrandecimiento del pueblo y al saneamiento de la administración municipal, para lo cual promoveremos con la mayor voluntad cuantas iniciativas tiendan a favorecer las aspiraciones de todos y merezcan la confianza del vecindario, que en todo momento precisamos, para dotar al pueblo de lo que se le hace más necesario.

El arqueo de caja efectuado el 31 de Marzo del corriente año arrojaba un saldo a favor del Ayuntamiento de 5.522'08 pesetas; pero al hacernos cargo de nuestro cometido el día 15 de Abril, solo había un efectivo de 499'43 pesetas, que con 404'60 pesetas en facturas pagadas hacen el total de 904'03 pesetas, que se consignan como saldo en el arqueo de caja efectuado dicho día.

Desde que nosotros tomamos posesión de nuestros cargos en el Ayuntamiento y hasta la fecha, se hicieron las siguientes operaciones:

INGRESOS		GASTOS	
	Pesetas		Pesetas
Existencia en caja según el último arqueo	904'03	Obligaciones satisfechas por el Depositario anterior	404'60
Recaudado por alcoholes y otros impuestos	2.154'45	Idem ídem	445'65
Idem por cesiones del Estado	3.326'90	Por nómina de los empleados	1.488'13
Por recibos atrasados de impuesto de alcoholes	555'61	Sueldo del Médico (un trimestre)	550'00
Por concierto sobre carnes	159'80	Id. del farmacéutico (un trimestre)	278'75
Por impuestos del Mercado	123'88	Pagado al Depositario saliente	160'04
Por imposición de multas	5'00	Por alquiler de la casa de Telégrafos	55'00
Por degüello de reses	89'00	Ultimo trimestre del pasado año por alumbrado público de Mugardos	1.125'25
Por impuesto sobre carnes saladas	75'95	Primer trimestre del año actual (Seijo)	461'25
		Letra del Banco de Crédito Local	1.079'10
		Letra de la Enciclopedia «España»	35'00
		A los funcionarios del Censo Electoral	140'00
		Por compra de unos pomas y gastos menores	74'10
		Pagado al temporero de oficina	90'00
		Efectivo en caja actualmente	1.004'15
	7.395'62		7.395'62

Por las cifras expuestas, puede verse que la situación económica del Ayuntamiento, aunque no es lo lisonjera que deseamos, ha mejorado, teniendo en cuenta que gracias a los créditos abonados por Hacienda debido a gestiones personales de nuestros ediles, se pagaron en parte las cuentas que se debían por alumbrado eléctrico, los honorarios del Médico y Farmacéutico y la letra trimestral del Banco de Crédito Local de España.

Sinceramente creemos que nuestra labor no responde a las necesidades del vecindario, por no haber tenido tiempo material para analizar la actuación de las Corporaciones anteriores; pero, desde luego en plazo más breve del que quizá se sospeche y continuando nuestro procedimiento administrativo, pensamos poder abordar mejoras que vayan satisfaciendo los anhelos generales, para lo cual, repetimos, nos es imprescindible contar con la confianza de los vecinos, pues de no ser así no continuaremos en nuestros cargos.

No podemos tampoco pasar por alto la cuestión del Médico y personal del Municipio, en cuyos asuntos procuraremos dar cumplimiento a los manifiestos deseos del pueblo, sin favoritismo alguno, y siempre dentro de un terreno legal, que permita hacer eficaces nuestros acuerdos y cubrimos de cualquier responsabilidad.

Como el éxito o fracaso de nuestra gestión, incumbe por igual a nosotros que a todos los vecinos que nos elevaron al cargo que hoy ocupamos, a los cuales continuaremos dándoles cuenta mensual de los ingresos y gastos de este Municipio, esperamos que no nos regateen su concurso para compensarnos del sacrificio que venimos realizando en bien de todos y por prestar un servicio a los ideales democráticos.

Mugardos, a 14 de Mayo de 1931.



Vuestro Alcalde.

Enrique Pico

Entre 1931 e 1936 ordenaron a política municipal mugardesa as seguintes forzas: de 1931 a 1934 a coalición formada por ORGA, PSOE e o Partido Radical-Socialista. De outubro de 1934 a febreiro do 1936 o Partido Radical e "independentes" da CEDA. De febreiro a xullo do 1936 gobernou o país e Mugardos a Fronte Popular, que agrupaba en Galiza a "Izquierda Republicana" e aos partidos Socialista, Comunista e Galeguista. As corporacións de Mugardos demandaban ás autoridades gobernativas traballo para combater o desemprego: construción dun mercado, grupos escolares, peiraos e estradas. Ata comezos do 1934 a corporación mugardesa desenvolveu un traballo intenso de eficacia e modernización: mercaron a primeira máquina de escribir ("marca *Underwood* modelo seis veinte, con carro que admite 52 centímetros de papel": custou 2.400 pesetas pagadas a prazos), abriron escolas (A Redonda, Simou, Meá) comezaron clases nocturnas para adult@s na escola do Pósito, regularizaron a asistencia pública médica e farmacéutica, secularizaron os cemiterios converténdoo en aconfesionais e públicos, alongaron o tendido eléctrico dende O Seixo ata San Xoán e dos Catro Camiños e O Cristo ata Simou, continuaron (moi a modo, por problemas laborais e con propietarios de terreos afectados) as obras da estrada A Pedreira-Maniños, remodela-

ron a rampla grande d'O Seixo, amañaron os atraques de Mugardos, etc. En agosto do 1935 foi designado alcalde Manuel Vázquez Fariña, procedendo elevar ao goberno unha serie de proxectos que, con outros máis que pulaban pola iniciativa local, seguiron avante co alcalde Juan Prieto Balsa: subsidios do goberno que axudaran reducir o desemprego coa construción de grupos escolares, mello-ras no mercado, ampliación do peirao da Illa, iniciando o pavimentando con adoquíns 300 metros do Cantón da Marina, reparación das rúas da vila e dos camiños veciñais, rema-te da estrada A Pedreira-Maniños, fondos estatais para unha cooperativa pesqueira con dous barcos no mar, corrección dos abusos de acaparadores de mercadorías básicas, po-tenciación do deporte, etc. A finais do mes de xuño propuxeron á SAPG d'O Seixo, ao Casino de Franza e á Casa do Pobo de San Xoán-Li-modre que recolleran entre a veciñanza ideas e propostas que os seus voceiros poderían presentar nas sesións plenarias da corpora-ción; non houbo tempo pois no verán che-gou o trebón: a sublevación militar-fascista de xullo de 1936 e a represión franquista, na que foron asasinados máis de noventa veciñ@s de Mugardos, entre eles o último alcalde republicano e catro concelleiros.

Mais esa xa é outra historia. ¶

▼ Elaboración propia desde actas dos plenos municipais.

Corporación 15-IV-1931

Alc. Eugenio Rey Rey
Ciriaco Pereira Otero
Domingo Picallo Roldós
Antonio Eytor Canizo
Nicolás Fontenla Bayolo
Manuel Fontán Cartelle
Pedro Vidal Sánchez
Juan Manuel Fariña Mayobre
Enrique Lourido Castro
Manuel Pazos Feal
Pedro Dopico Brage
Pedro Piñeiro Bayolo
Jacobo Zárate Deus
Antonio Brage Feal
Argemino Artabe García

Corporación do 5-VI-1931

Alc. Eugenio Rey Rey*
Ciriaco Pereira Otero
Domingo Picallo Roldós
Antonio Eytor Canizo
Nicolás Fontenla Bayolo
Manuel Fontán Cartelle
Pedro Vidal Sánchez
Juan Manuel Fariña Mayobre
Fernando Rivas Fariña
José Vicente Roldós Gelpi
José Alonso Rey
José Arias Díaz
Juan José Lemus Fernández
Segundo Pazos Cancela
Juan Mauriz Porto

*cesado por malversación en marzo de 1934.

Corporación 18-II-1934

Alc. Manuel Fontán
Juan M. Fariña Bañobre
José Domingo Pazos
José Arias Díaz
Juan J. Lemus
José V. Roldós Gelpi
Alejandro Sixto
Juan Martínez Zárate
Jeronimo Vila Cobas
Gabriel Pereira Sueiras
Constantino Prados
Segundo Pazos
Nicolás Fontenla
Antonio Eytor Canizo

Corporación 29-I-1935

Alc. Manuel Fontán
Juan M. Fariña
José Domingo Pazos
José Arias
Juan J. Lemus
José V. Roldós Gelpi
Alejandro Sixto
Juan Martínez Zárate
Jeronimo Vila
Gabriel Pereira
Constantino Prados
Segundo Pazos
José Zárate Badía
Manuel Vázquez Fariña

En los Casás (término municipal de Mugarbos) a los veinticuatro días del mes de Marzo de mil novecientos treinta y tres, se reunieron las Directivas de las Agrupaciones que al margen se expresan, al objeto de ver la forma de constituir una Conjunción entre ambas para ir a las próximas elecciones municipales. Preside el compañero Avelino Prados, de la Agrupación Socialista, y se pasa, sin intermisión alguna, a nombrar la Mesa de discusión.

Solicita la palabra el compañero Ríos, de la Agrupación Radical Socialista, y propone formen dicha mesa de discusión los presidentes de las Agrupaciones reunidas, o sus vices respectivos en caso de no estar presentes todos aquellos. Así se acuerda y pasan a formar la susodicha mesa los señores que al margen se citan, actuando de Presidente y Secretario los compañeros Ríos y Praados, respectivamente.

Por la Sociedad Ganadera de Mugarbos, EL PRESIDENTE,

Jeron Vila
MUGARDOS

Por la Sociedad Oficios Varios de la P. Municipalidad de Mugarbos, EL PRESIDENTE,

Agustino Prados
MUGARDOS

Por la Agrupación Republicana Radical Socialista, EL PRESIDENTE,

Avelino Ríos
MUGARDOS

Por la Agrupación Socialista, EL PRESIDENTE,

Agustino Sixto
MUGARDOS

la Mesa de discusión, y que yo, el Secretario, certifico.

Agustino Prados

Después de unas breves palabras de saludo del Presidente hacia todos los reunidos, se pasa a discutir el número de puestos que a cada organización conviene llevar al Municipio, caso de salir triunfantes en las elecciones que son el motivo de esta reunión, y en vista de la buena idea con que es acogido este asunto previo, se deja sobre la mesa para otra reunión.

Acto seguido propone el Presidente que en esta reunión se nombre una Comisión compuesta de dos delegados por Agrupación para redactar un programa que será aprobado en una asamblea magna donde puedan intervenir todos los asociados de las organizaciones pactadas, y que servirá para desarrollar en el Ayuntamiento, si logramos triunfar en las elecciones a que se hace mérito. Asimismo se propone que la misma Comisión que redacte el programa sea la encargada de estudiar todos los asuntos relacionados con la propaganda. La asamblea, después de una razonada discusión en la que intervienen varios compañeros, acuerda por unanimidad aceptar dichas proposiciones, así como que los nombres de los camaradas que han de formar la mencionada Comisión, en representación de sus respectivas entidades, sean enviados por éstas al Comité Ejecutivo de la Agrupación Republicana Radical Socialista el próximo día veintinueve del mes en curso.

Igualmente se toma el acuerdo de que los representantes de cada Sociedad lleven a la primera reunión que se celebre una pequeña moción sobre el programa que se ha de confeccionar, con objeto de que dicho programa recoja las sugerencias de todas las Agrupaciones conjuncionadas y sea luego más fácil su aprobación.

Acto continuo se acuerda confeccionar un Reglamento interior que fije los deberes y derechos de las Agrupaciones que forman esta coalición, del Comité ejecutivo que se nombre y de los concejales que representen a esta Conjunción en el Municipio.

Y no siendo otro el objeto de esta reunión se da por terminada y de ella se levanta la presente acta que firman al margen los compañeros representantes de las distintas Agrupaciones en la Mesa de discusión, y que yo, el Secretario, certifico.

◀ o 24 de marzo de 1933 asinouse un acordo entre entidades sociais e políticas para presentar candidatura ás eleccións.

Texto adaptado do capítulo 5º do libro da miña autoría "Amada García e os seus arredores", Edicións Embora, Ferrol, 2017.

Corporación do 5-VIII-1935

- Alc. Manuel Vázquez Fariña
- Juán M. Fariña
- José Domingo Pazos
- José Arias
- Juan J. Lemus
- José V. Roldós Gelpi
- Alejandro Sixto
- Juan Martínez Zárate
- Jeronimo Vila
- Gabriel Pereira
- Constantino Praados
- Pedro Vidal Sánchez
- José Zárate

Corporación do 9-I-1936

- Alc. Domingo Picallo Roldós
- Juán M. Fariña
- Juán Benito Regueiro
- José Arias
- Angel Arias
- Victoriano Rascado
- Gabriel Rega
- Bernardo Fernández
- Pedro Vidal
- Manuel Fontán
- Juán José Lemus
- Segundo Pazos
- Nicolás Fontenla
- Antonio Eytor

Corporación do 14-III-1936

- Alc. Juan Prieto Balsa (*)
- Juan M. Fariña
- Fernando Rivas Fariña
- Juan Rey Pena
- Agustín Sixto
- Victoriano Rascado
- José Díaz Díaz
- José Torres Casal
- Santiago Castro
- Manuel Díaz
- Ángel Roldós Gelpi
- Ramón Ríos Sordo
- Nicolás Fontenla
- Antonio Eytor

Amada García Rodríguez

O mito e a realidade



Bernardo
Máiz
Vázquez

Amadita naceu día 7 de outubro do ano 1909 nunha casa da rúa Real de Mugardos. Era unha nena miudiña, moreniña e bonita, filla de Petronila Rodríguez Aguiño, redeira, de trinta e un anos, e de Juan García Porta, pescador, de vinte e oito anos. Nos anos seguintes naceron os seus irmáns, Juan, Antonia, Mercedes, Elvira, esta última e o primoxénito, Francisco, falecidos prematuramente.

Amadita xogou na rúa, foi á escola de nenas de dona Teresa Madrigal, aprendeu de contas, a ler con xeito e a escribir cunha letra feitiña que mantivo toda a súa vida e a levar unha casa. Na adolescencia cantou no coro da igrexa, despois foi a verbenas e a bailes no Salón Pelayo e no da Pedreira, namorando cun rapaz serio, lanzal, loiro, de ollos verdeazuis, Gabriel Toimil Dopico, operario da *Maestranza* do Arsenal de Ferrol. Casaron o 6 de xaneiro do 1929, ela con dezanove anos, el con vinte e catro, "unha parella guapa", dicían, e tamén dicían que Amadita era amiga de cantar, aguda, alegre e con carácter. Na vivenda da parella na rúa de San Fernando naceu en novembro do 1929 a súa primeira filla, María Amada, que faleceu de bronconeumonía en xuño do 1930. A pena foi unha das causas de que Gabriel e Amadita cambiaran o seu domicilio a unha casa do Cantón da Marina, onde en maio do 1931 naceu a súa segunda filla, Amada, e...

E dese xeito tería continuado a vida de Amadita como ama de casa, esposa e nai, de non ser porque o seu pai, o vello García, era un conspicuo anticlerical, porque o seu home estaba afiliado á UGT, porque o seu curmán Juan Rodríguez Díaz tiña ideas libertarias, porque en Mugardos callaran con forza as ideas de liberdade e progreso, porque Mugardos está en Ferrolterra, territorio ben virado á esquerda e, fundamentalmente, porque era muller intelixente e valente,

intuitiva e con ideas que puido desenvolver coa República de abril de 1931, tomando ilusionada conciencia de si: coa liberdade da República, Amadita descubriuse como cidadá, ou sexa, como muller con dereitos políticos e sociais en igualdade cos homes, tornándose suxeito activo da súa propia historia e da común, pasando ser Amada García Rodríguez, militante do Partido Comunista, acompañante da Pasionaria o 2 de xaneiro do 1936 nun mitin no teatro Jofre de Ferrrol, protagonista en Mugardos, San Xoán e A Pedreira noutros tres actos políticos da Fronte Popular en marzo, abril e maio do 1936, candidata a concelleira nunhas eleccións que o golpe militar adiou ata 1979, defensora da orde constitucional entre o 18 e o 24 de xullo de 1936.

Era Amada unha das mulleres que coa república gañaron espazo e presenza pública, protagonismo, e que foron vítimas da sublevación militar-fascista de xullo de 1936 e da longa ditadura franquista nas que todos perdemos a liberdade e as mulleres máis.

Amada García (que nunca bordou ningunha bandeira) foi condenada a morte pola súa militancia política comunista, pola súa defensa activa en Mugardos da legalidade republicana e da democracia fronte á sublevación militar-fascista de xullo do 1936: naquel trebón que durou catro décadas, foron asasinadas nesta bisbarra case mil persoas, delas 90 mugardesas, Amada vítima do franquismo, mais tamén da cruel intolerancia e de accións abertas ou suíñas de quen tiñan contra ela grande odio persoal e maiores xenreiras, tan sexistas como clasistas.



No amencer do 27 de xaneiro do 1938, aínda noite pecha, contra a parede traseira lateral dereita do semibaluarte leste do hornabeque do castelo de san Filipe, boca da ría de Ferrol, dúas descargas dos mosquetóns dos soldados e catro disparos da pistola do oficial ao mando do pelotón de fusilamento deron fin á vida de Amada García Rodríguez, de 28 anos, de Mugar dos; de Germán López García, de 50 anos, de Redes, de Jaime González Pérez, de 31 anos, de Ares; de Juan José Teijeiro Leira, de 41 anos, de Mugar dos; de José María Montero Martínez, de 39 anos, de Meá; de Ramón Rodríguez López, de 38 anos, de Redes; de Antonio Eytora Canizo, de 57 anos, e de Ángel Roldós Gelpi, de 50 anos, os dous concelleiros en Mugar dos. Foran condenados a morte por ter defendido a legalidade republicana en xullo de 1936. Minutos antes da execución, Gabriel, o fillo que Amada García parira estando presa pendente de xuízo, foille entregado á súa familia. No mesmo lugar e polos mesmos feitos aínda fusilaron a Antonio Saavedra López de 31 anos, de Ares, o 29 de setembro dese mesmo ano 1938. ¶

Do libro *Amada García e os seus arredores*, Bernardo Máiz Vázquez. Edicións Embora, Ferrol, 2017.

Linito, un tipo xenuíno

(1947 - 2023)



**Luis
Cuba**
coa grande
axuda de
Emma
Rodríguez



Avelino Rodríguez Espiñeira, coñecido pola maioría por “Linito” (Liniño para os máis achegados), nace na Pedreira, na parroquia de Meá, da que non podía sentirse máis orgulloso.

Crece nas Fieiteiras, rodeado dunha familia moi unida, na que sempre destacou a figura do seu irmán Lesin, ao que quere e admira dunha maneira moi especial. Dous irmáns distintos na forma, pero iguais no fondo.

O seu avó paterno, o señor Indalecio, que rexentaba unha tenda de ultramarinos, xa impartía clases de violín. O seu pai Indalecio, como o seu avó, era un recoñecido contra-baixista, violinista e marimbero e o seu irmán Lesin comezou a tocar a batería na orquestra IRIS aos 14 anos de idade. A música sempre formou parte da vida familiar.

APRENDIZ DE BAZÁN

Ós 14 anos entra como aprendiz na *Empresa Nacional Bazán*, no gremio de gálibos. Remata os anos de aprendizaxe e a entra a traballar nunha empresa auxiliar da antiga *Astano*. Incorporárase de novo á factoría *Bazán*, da que non saíra ata a xubilación no ano 1999.

Linito sempre tivo un carácter moi aberto e desenfadado, o que lle serviu para gañarse o aprecio e o cariño dos seus compañeiros,

que co paso dos anos convértese en amizade, algo do que presumía cada vez que a ocasión o permitía.

NAMORADO DO FÚTBOL

Cando finaliza a xornada de traballo, dúas son as afeccións que lle rouban todo o tempo libre: o fútbol e a música, a orde non importa demasiado. Dende ben neno, Linito xogaba ó fútbol cos amigos no “Campo vello da Pedreira”, e cando non era posíbel, calquera campeiro nas Fieiteiras ou no Novás era máis que axeitado para darlle unhas patadas ó coiro durante horas.

Comezou a xogar no equipo da súa Parroquia “O Galicia”, primeiro no equipo xuvenil, onde destacaba pola súa velocidade e habilidade co balón, enxeñoso e regateador nato.

Dúas son as afeccións que lle rouban todo o tempo libre: o fútbol e a música, a orde non importa demasiado.

▼ Linito, o terceiro por abaixo, posa co resto de compañeiros do Galicia de Mugardos en Balaídos, na final do Campionato Galego de Afeccionados, en 1978.





▲ Linito tiña un estilo moi particular e acompañou a Castro na selección xuvenil de Ferrol en varias ocasións.



▲ O Calvo Sotelo reparou na calidade de Linito (o primeiro agachado), que gañou cos ponteses a Copa de Galicia do 1968.

Tiña un estilo moi particular e sobresaía polo seu carácter alegre e extravertido. Foi convocado xunto con Castro, tamén xogador do Galicia, para participar coa selección xuvenil de Ferrol, en varias ocasións.

Unha vez rematada a súa etapa como xogador xuvenil, incorpórase ao equipo de modestos, converténdose nun xogador imprescindible nas aliñacións do Galicia. Xogador carismático onde os houbera, gozaba da simpatía e respecto de compañeiros e rivais.

A sonda de Linito en toda a bisbarra pronto chegou a oídos de clubs de categoría superior. O Calvo Sotelo (As Pontes) que militaba na 3ª división Nacional, pon os seus ollos neste xogador miúdo e con pouca presenza física, que viña de xogar no fútbol modesto da ría de Ferrol. Esa tempada foi un dos xogadores máis valorados da categoría.

"Parece mentira que fóramos buscar Linito a Mugar dos, tendo tanto lignito nas Pontes"

Linito era moi admirado no fútbol galego pola súa forma de ver e interpretar o fútbol. O seu irmán Lesín comenta que nun partido contra o Fabril en Riazor, tivo unha actuación tan sobresainde que a crónica do día seguinte da Voz de Galicia só falaba dun xogador do Calvo Sotelo que asombrara a todos os espectadores de Riazor.

Se é ben certo que tiña condicións para destacar no mundo do fútbol, non é menos certo que era un xogador anárquico, pouco implicado en labores defensivos, e que non gustaba de adestrar.

Contan que durante a súa etapa como futbolista do Calvo Sotelo, o adestrador Perniche queixase ao pai de Lino das reiteradas faltas de asistencia aos adestramentos. Coméntalle que o motivo aducido para as faltas é sempre o mesmo: Lino debía ir ao dentista a quitar unha moa. Perniche, con retransca, laiase de que o rapaz estea a quedar sen dentes. O señor Indalecio, que coñece ben ao seu fillo, cala, agacha a cabeza e esboza un leve sorriso a modo de resposta.

O pouco tempo que Linito xogou no Calvo Sotelo, foi moi popular entre a xente das Pontes. Había un chascarrillo pola vila que aludía ao seu nome e que viña a dicir: "Parece mentira que fóramos buscar Linito a Mugar dos, tendo tanto lignito nas Pontes"

Rematada a súa estadía no Calvo Sotelo, volve ao Galicia como xogador do equipo modesto.

Onde hoxe está a súa casa había un campo de trigo no que *O Gran Linito* desaparecía cunha guitarra e un paquete de tabaco.

► En 1972 casa en Mugarbos con Mucha e comeza unha etapa moi feliz na súa vida.



PAIXÓN POLA MÚSICA.

Linito estaba namorado do fútbol e do seu Galicia, pero a súa gran paixón dende moi novo foi a música. Non podendo compaxinar, traballo, fútbol e música, e logo de moitas conversas coa familia, deixa o fútbol, moi a seu pesar, e reparte o seu tempo entre a xornada de traballo na Empresa Nacional Bazán e a música, á que se dedica en corpo e alma.

Onde hoxe está a súa casa, había un campo de trigo no que "O Gran Linito" desaparecía cunha guitarra e un paquete de tabaco. Fixo o seu niño naquel campo de trigo onde fumou os seus primeiros pitillos e tarareou as súas primeiras cancións.

A principios dos 60 entoaba melodías aos acordes de *Los Brincos*, *Formula V* e outros, como a coñecida canción de Violeta Rivas (*la, la, la, la, la.... La Tierra, la Tierra, la Tierra.... no tiene más fronteras, la Tierra, la Tierra...*). Mais sen lugar a dúbidas son os *Beatles* os que deixan en Lino unha fonda pegada. Vive e morre fascinado pola música dos de Liverpool: no momento do seu falecemento, Lino escoitaba a inesquecible canción *Hei Jude*.

Os gloriosos 60 anos de campamentos, amigos, fútbol, casino, música e familia son para Lino unha época onde a felicidade non deixa de manifestarse nin un so instante. Descubre que posúe unha facilidade innata para a música e fai realidade os seus soños formando seu primeiro grupo *Los Halcones*. Ao decidir que instrumento toca cada membro do grupo, ninguén quere tocar o baixo, póla dificultade que entraña, quedando Lino sen opcións: el sería o baixista. E así comezou

todo. Pouco a pouco a base de auto-esixencia e paixón, foi forxando a traxectoria da súa vida.

A principios dos 70, cando remata o compromiso do seu irmán Lesin coa orquestra *Orfeo* e as súas obrigas con *Los Halcones*, deciden crear a súa propia orquestra: *Los Sueños*.

UNHA DATA PARA O RECORDO

O luns, 5 de xuño de 1972 casa Linito. Na igrexa de San Telmo de Mugarbos agardan familiares e amigos para acompañar a Mucha e Lino. El, con garabata vermella, pantalón de campá e pelo ao Paul McCartney, fai un noivo moi elegante, como merece a ocasión.

Coa voda comeza para Lino unha nova vida en parella que tras o nacemento dos seus fillos, Emma e Lino, abre unha etapa moi feliz da súa vida.

▼ *Los Halcones* fai realidade o soño de Linito de formar o seu primeiro grupo de música.



LOS PLAYER'S, ÉPOCA DOURADA

Entre todas as excelentes orquestras que había, e non eran poucas, Lino sempre prestou especial atención a *Los Player's*. Un día, unha oportunidade única presentouse: *Los Player's* chamaron á súa porta. Ao principio pensou en rexeitar a oferta aconsellado polo seu irmá que lle dixo "primeiro o traballo e logo a música" xa que tocar con *Los Player* facía moi difícil compatibilizar a música co seu traballo en Bazán. Coas súas prioridades claras, finalmente aceptou a oferta.

Linito viviu moitas experiencias cos *Player's* e pasou moitas horas sen durmir. Non quedou un só pobo en Asturias, Cantabria, León ou Galicia que non visitase. Gozaba de todo e con todos nesta época dourada. Tiña miles de anécdotas cos seus compañeiros e amigos, e contarei un par de historias moi curiosas:

Despois dunha das moitas actuacións nas verbenas do verán, Linito chegou a casa co tempo xusto para cambiarse e saír correndo cara a Bazán. Debido ao seu descoído, as prásas e o cansazo acumulado, saíu á rúa cun zapato de charol nun pé e un tenis no outro.

A actuación de *Los Player's* no baile de San Xulián, no Casino Mugardés, era obrigatoria e podía rematar ás sete da mañá.

Se un compañeiro non chega a advertirlle sobre a súa vestimenta pouco apropiada, chegaría a Bazán vestido coma se fose parte dunha orquestra.

Todos os socios e socias do Casino de Mugardos sabemos que a presenza dos *Player's* no baile de San Xulián era obrigatoria. Lino adoitaba dicir que era a súa actuación favorita do ano. Mais o resto dos membros da orquestra non eran da mesma opinión. Cando remataba a actuación ao redor das 3 ou 4 da mañá a xente empezaba a cantar "*¡Míralos, míralos cómo se acojonan! ¡Míralos, míralos cómo se acojonan!*" para que continuaran tocando un pouco máis... e así seguían até as 7 da mañá. Linito gozaba desta situación, mentres que o resto dos compañeiros non tiñan máis opción que seguir tocando e unirse á festa.

▼ A principios dos 70
Linito e o seu irmán Lesín
montan *Los Sueños*, a súa
primeira orquestra.



Linito era luz, música e eterno sorriso. Unha persoa intelixente que sempre soubo aproveitar a vida e ser feliz.



QUERER A LINO ERA SINXELO

Linito era alguén fácil de querer. Despois da súa xubilación, Linito seguiu facendo o que máis lle gustaba: gozar da vida!

Sempre acompañado dun sorriso perenne, nunca perdeu a súa capacidade de sorprenderse como un neno. Era esixente e comprensivo, moderno e tradicional... sempre á vangarda. Soubo rodearse de xente boa e enfrontar o mundo, tanto nos seus aspectos bos como nos malos. Adoraba á súa familia, aos seus veciños, e todos o querían. O seu gran logro foi, sen dúbida, ser amado por todos os que o coñecían.

Linito sabía como estar presente na vida das persoas. Era luz, música e eterno sorriso.

Era un amante da natureza, asombrándose ante a forma dunha nube ou a cor dun atardecer. Era unha persoa intelixente que sempre soubo aproveitar ao máximo a vida e ser feliz.

Sempre o lembrarei brindando cun bo viño e compartindo conversacións sobre as nosas afeccións. Estarei eternamente agradecido por terme aberto as portas ao marabilloso e máximo mundo da música.

Nesta páxinas vai a miña sinxela homenaxe ao gran Linito, un tipo xenuino. ¶

▲ Linito, Luis Cuba e seu fillo José María, nunha foto recente en Mugardos.

▼ Los Player's nunha formación de 1975.



Visita al Arsenal de Ferrol



Luis
Moldes

En los albores del siglo XVIII, durante el reinado de Fernando VI y bajo la dirección de diversos ingenieros y arquitectos militares, entre los que destaca Jorge Juan, comienza a construirse el arsenal de Ferrol gracias a la obstinación del marqués de la ensenada, quien sostiene que España nunca sería una gran nación sin contar con un importante poderío naval.





Primera parte

Acompañado de mis buenos amigos pertenecientes a Apelón Educación, cuyo entusiasmo, trabajo y empeño nos hacen partícipes de la cultura en todos sus aspectos, comenzamos la visita que pretendo narrar un sábado del mes de abril de 2018:

Luce un hermoso día al embarcar en la lancha de Mugarodos que nos trasladará a la Base Naval.

Nada más zarpar, una suave brisa alegra nuestras caras y nos pone en contacto con nuestra más querida joya: La Ría de Ferrol. Proa al Muelle Curuxeiras, a estribor dejamos la punta del Cabo Leiras y a babor la Base Naval de la Graña, origen del futuro Arsenal.

Por la proa, rumbo a Ferrol, divisamos la batería exterior, una zona artillada y amurallada con 120 troneras de cañones y unos impresionantes baluartes de vigilancia.

Ordenadamente desembarcamos en el Muelle Curuxeiras y enfilamos caminando el paseo de Irmandiños, dejando a un lado las instalaciones de la cortina y la impresionante sala de Armas que luego detallaremos.

A escasos metros nos encontramos en la Puerta del Parque de entrada al Arsenal y presidida por una inapreciable fuente, "La Fuente de la Fama", en las inmediaciones de la Plaza Vieja de Ferrol. Esta fuente, construida en el año 1787, a menudo pasa desapercibida para los viandantes a pesar



◀ En lancha, rumbo al muelle de Curuxeiras.

de ser una joya. La constituye un obelisco formado por una pirámide en cuyas 4 caras se han labrado los escudos España, Ferrol, Galicia y La Armada y está coronada por la estatua de La Fama en bronce. La fuente aparece rodeada por 4 cañones de artillería y 2 anclas.

A la izquierda de la fuente se encuentran los restos del antiguo foso del siglo XVIII que rodeaba y protegía el Arsenal. Para entrar en el recinto cruzaremos la Puerta del Parque.

Es esta una impresionante puerta coronada por un imponente escudo de armas reales de Felipe V y sostenida por 2 leones y una inscripción conmemorativa de la visita de la Reina Isabel II, quien concedió a Ferrol el título de ciudad.



◀ La Fuente de la Fama intermedia entre el Arsenal y Ferrol Vello.

La Fuente de la Fama es una joya que, a menudo, pasa desapercibida para los viandantes.



◀ La muralla está recorrida por baterías defensivas.

Ya en el interior pueden contemplarse las cuidadas instalaciones: pañoles, talleres, tinglados, oficinas, y demás dependencias administrativas, así como los buques surtos en la Base: fragatas, buques de apoyo logístico y patrulleros.

Después de recorrer las baterías defensivas de la muralla, a la derecha, se divisa la colosal sala de armas.

Al avanzar por la Plaza, sentimos como la arquitectura nos envuelve en un simétrico escenario del mundo "Ilustrado" que ejerce sobre nosotros una poderosa sugestión. De alguna manera



◀ Con los amigos de Apelón Educación, posando en el balcón de la Sala de Armas.

La Sala de Armas sobrecoge por su enorme volumen en cantería y su diseño académico de construcción simétrica.



nos sentimos trasladados al tiempo de aquellos hombres y mujeres del siglo XVIII.

A la izquierda se yuxtapone una estructura modular que cierra por el oeste, diecinueve almacenes de pertrechos idénticos, naves abovedadas de medio cañón, delante de un largo soportal con arcos de medio punto que unifica el conjunto.

Nos acercamos al edificio central: la sala de Armas. Sobrecoge su enorme volumen en cantería y su diseño académico de construcción simétrica. Es de señalar el rematado de su cubierta con un sistema de mansarda (pendiente quebrada) con múltiples buhardillas y una cúpula formidable.

El edificio en su fachada sur (la norte da al Paseo Irmandiños) reproduce la

simétrica disposición de su interior: una gran escalinata central y dos patios laterales de manera que se corresponde con la composición de la puerta principal y las auxiliares de ambos lados. Así se consigue una cierta armonía para la enorme fachada, casi plana y con diecisiete alineaciones verticales de vanes. La decoración de los tres ejes de las puertas nos muestra la evolución de los estilos arquitectónicos empleados a lo largo de su construcción.

En la planta baja destacan los dos óculos laterales que orlan con canterías labradas en bajorrelieve muy al gusto de la época barroca; son interesantes las pilastras dobles que sostienen la meseta alta de la escalera, sobre un arco de campanel encuadrado con diversas molduras y con magnífica piedra clave y tallada en forma de ménsula (voluta y canto) idéntica a la que cierra el arco opuesto. En fin, la magnífica reserva de pletina roscada que cierra la escalera añade su suntuosidad al escenario que es la mejor representación de las aspiraciones del Marqués de la Ensenada para construir este Arsenal, que era el proyecto más ambicioso de la Corona.

En nuestro recorrido por el edificio nos detenemos a contemplar la planta alta y los patios laterales de impresionantes columnas donde se almacenaba la munición.

◀ Un largo soportal abovedado alberga diecinueve almacenes idénticos.

- La puerta del dique pretende mostrar la grandeza de la monarquía y su Real Armada.

Segunda parte

Al abandonar la Sala de Armas, ya caminado por una amplia plaza en dirección a Levante, se hace necesario detenerse y hacer un último recorrido con la mirada para retener la esencia del arte acumulado en estas imágenes.

Dejamos a la derecha, al borde del muelle, un edificio que fue el pañol del contra-maestre y a su lado una grúa del siglo XIX que se encuentra tal cual.

En su placa se puede leer "Lloyds Foster & Co Engineers Wednesbury 1858". Aquí, en este punto se puede apreciar, mejor con marea baja, el impresionante aparejo de sillares de cantería que forman el muelle primitivo del siglo XVIII y su magnífica escala de doble acceso.

Continuamos nuestro recorrido por los muelles



- ▲ La grúa se encuentra igual que cuando la instalaron, en el s. XIX.

del lado norte de la dársena interior y podemos contemplar en la mar los buques atracados efectuando faenas de mantenimiento en puerto.

Caminamos en grupo rumbo hacia la Puerta del Dique, o puerta Carlos III, que se encuentra situada en plenos Cantones entre potentes almacenes que encuadran a la perfección la clásica construcción dieciochesca.

Cruzamos un puente levadizo y encontramos a la izquierda el llamado "Puerto chico", lugar de mantenimiento de embarcaciones menores que es una obra también del siglo XVIII.

Llegamos a la zona llamada "Arsenal de los diques" donde podemos contemplar una máquina de bomberos y otra de ferrocarril procedentes del antiguo Astillero.

Estamos ahora ante el Dique de la "Campana", dique de carenar en seco, que es una obra de gran importancia histórica y que continúa en pleno uso en la actualidad.

El Dique de la Campana fue diseñado por el ingeniero Comerma, con tecnología del

Conviene destacar el esmero con que la actual Armada cuida esa joya ferrolana que es el Arsenal.



siglo XIX. Cuenta con gradas laterales y minas por donde circula el agua para achicarlo o inundarlo y dispone de un buque puerta de cuna trapezoidal que encaja en diferentes muescas según la eslora del buque.

Terminamos nuestra visita en la puerta del dique. Proyectada el 11 de Mayo de 1765, se construye esta puerta con el objetivo de mostrar la grandeza de la Monarquía y su Real Armada y se nos presenta como una especie de arco triunfal que sigue el modelo dórico romano: puerta con arco de medio punto y dovelas rústicas, dos columnas a los lados sobre pedestal y encima un ático rematado por una luneta que proclama "Maximun supremae artis" que traducido sería:

"Se ha erigido aquí la obra más grande del supremo arte que haya visto el mundo a fin de que contemple a los que recorren todos los mares, a los navíos, a las Armadas y a todos ¡o feliz España! y ciertamente feliz, por ti dichosamente gobierna, dirige y para ti reina con sabiduría Carlos IV Rey ilustre, piadosísimo y augusto es quien todo el orbe alcanza. Año 1783"


Tal vez esta proclama sea un tanto excesiva, tal

▲ El Dique de la Campana es una obra de gran importancia, en pleno uso en la actualidad.

vez no pueda considerarse al Arsenal como "la obra más grande del supremo arte que haya visto el mundo" pero es seguro que esta joya ferrolana está entre las mejores obras de la arquitectura naval mundial y conviene destacar el esmero con que la actual Armada cuida de ella. ¶

► Las instalaciones del Arsenal albergan el Museo Naval.





Carola
Montero



"Simou foi antes que Mugardos"

Así comeza o relato de Nita, veciña de Simou, a "do Pío", a da casa azul, cando lle preguntamos que nos pode contar da creación do lugar de Simou.

Recibenos ás portas da súa casa cun sorriso nos beizos e con gañas de contar a súa historia e a da súa familia. Non quere ver fotos antigas, "que as queimen cando morra" di; pero fai un esforzo por lembrar o bó daqueles tempos.

"*Simou foi o primeiro pobo de Mugardos*". Nita conta que Mugardos era un porto de mar, no que principalmente vivían mariñeiros e as súas familias e que creceu a raíz do desembarco dos cataláns na ría, que impulsaron a pesca da sardiña e que trouxo implícita a creación das fábricas de salgadura no areal

da Bestarruza. O aumento da poboación foi exponencial a partires do século XVIII, pero Simou xa existía. "*A casa do Concello estaba en Simou, facendo esquina có Camiño Real, preto da casa de Chelo. E tiña un calabozo*". Son varios os relatos de veciños que contan a mesma historia. E incluso "*houbo presos nese calabozo*". Non atopamos arquivos nin publicacións que avalen estas afirmacións, pero o relato é o mesmo en tódalas casas: "*a Casa do Concello estaba en Simou*", aínda que non podemos aproximar datas. Belarmino, veciño da aldea e benquerido por todos, lémbrese de que o calabozo estaba na casa que hoxe é de Julio e que ata fai ben pouco, aínda se podía ver o ventanuco cós barrotes carcelarios.



▲ Joaquín e Chelo nas súas tarefas diarias. Joaquín tira do carro axudado por un familiar e Chelo volta de vender o leite en Mugarodos, aínda coa xarra na man.

"NESES TEMPOS TRABALLÁBAMOS MOITO".

Contan as fillas de Chelo, unha das leiteiras do lugar, Mari Carmen e Mari Luz, que as xornadas diarias eran esgotadoras. Os seus pais, Chelo e Joaquín, erguíanse cedo para muxir as vacas e preparar as xarras cón leite que levaba Chelo a Mugarodos cada día. Metía as xarras nun carro e tiraba del ata chegar á Vila, onde ía casa por casa vendendo o leite. Cando remataba a tarefa, volvía andando a Simou tirando do mesmo carro, máis lixeiro entón. Na casa, aínda tiña que atender á súa familia: a filla maior viña da escola de "Doña Matilde", a pequena requería coidados e o seu home viña das terras, de sachar, onde traballaba "ao xornal", xunto con Chelo e de coidar aos animais. Aínda era media tarde e quedaba traballo na casa, na horta, cós animais: vacas, galiñas, porcos, coellos, pavos, mulas... non se paraba. E ó día seguinte a roda volvía a xirar e volta a empezar. Pero eran felices: as nenas xogaban ao aire libre cós nenos e nenas do lugar e crecían sen preocupacións, as portas das casas estaban abertas e podíase asomar un a pedir un misto, fariña ou patacas. Mira-

Nita lembra que na súa casa vivían oito persoas e que, aínda así, a súa nai non quería que fosen traballar nin a servir. Quería que fóran á escola.

ban uns polos outros e ninguén pasaba fame. A pesares de todo, non se vivía mal.

Nita lembra que na súa casa vivían oito persoas e que, aínda así, a súa nai non quería que fosen traballar nin a servir. Quería que fóran á escola. Conta que ía á praza de Mugarodos coa "Señora Vicenta", a súa "mellor amiga", a vender o leite, cando tiña doce anos, cargada coas xarras na man. E que a pesares do esforzo, era feliz.

Nas casas non había auga corrente e tamén acorda carretar as xarras de auga e o contentas que se poñían na casa cando chovía e sacaban as xarras afora para que se encheran de auga e non ter que cargalas. As duchas eran "ao balde" e o excusado estaba fóra da casa. "Era de madeira", lembra Nita entre risas, que xa daquela facía compost.

Ninguén lles regalaba nada. A auga carretábana da fonte (hoxe tapiada), que estaba xunto ao lavadoiro do Camiño Real, o camiño oficial de Mugarodos. Unha era para lavar e outra para cociñar. As patacas e as verduras sachábanas, o leite muxiano, o mainzo desfollábano a man, para obter a carne dos animais tiñan que facer matanza, o queixo e a manteiga facíanos na casa, as roupas lavábanas no río e poñíanas a clareo no terreo da hermita... "cánto traballábamos!", di Nita, "pero eramos felices", engade cun sorriso.

De feito, Mari Carmen conta que a súa filla dille ás veces que "se aburre" e ela non o concibe, porque lembra que dos seus anos non se aburrían nunca: xogaban ao escondite, a explorar, ían a coller renacuajos/cágados, ían á horta de Francisco do Bogallón a por mandarinas a onde lles encantaba ir porque lles poñía un mantel na herba e lles daba de merendar queixo con marmelo e pan do forno de Roibeiras, unha ledicia!

"A TENDA DE BELARMINO: O FIADO"

Belarmino era famoso en Simou porque tiña unha tenda-bar que era o centro de reunión do lugar. As mulleres mercaban as viandas diarias: o pan, peixe salgado, aceite, castañas, etc e os homes ían á tardiña a xogar unha partida de cartas cós veciños. O seu fillo, Belarmino, lembra con ledicia as partidas de "subasta" nas que ás veces se tiñan que unir os nenos que andaban por alí para sumar catro xogadores. Tamén eran famosas as partidas ao "tute e á manilla ata as tres da mañá".

"Belarmino fiaba" e con eso axudaba a todos os veciños, que lle pagaban a conta ou a metade, cando cobraban o xornal ou como podían. Un exemplo de economía circular tan de moda nos últimos tempos e que entón tanto axudaba ás familias a non pasar fame e a poder "tirar para diante".

Na escola falaban castelán có profesor e galego entre eles e non había castigos físicos por facelo. Exemplo de tolerancia e respecto.

"A ESCOLA"

Simou tiña unha escola. A súa creación data de 1933, tal e como consta no diario "El Compostelano", pero non hai referencia algunha nos traballos publicados sobre a Historia de Mugar dos nin sobre as escolas do Concello que nos contan a historia da Escola de Simou. Pero nós imos a contar unha parte da súa historia, tal e como a lembran os que fóron alumnos dela.

A Escola era unitaria, mixta e laica. Xuntos estudaban nenos e nenas dende os 6 ata os 14 anos. Os pequechos da Seaña, de Lubre, dos Galgos e os nacidos no lugar, ían á Escola de Simou. Eran 50 e pico nenos e nenas. Conta Nita que as súas irmás Rosario e Teru-

ca, fóron á escola do Esteiro, en Mugar dos, pero ela e os seus fillos fóron á de Simou.

D. José Felpeto era o mestre titular. Foi substituído por D. Antucho e despois chegou Doña Luisa, da que lembran que viña dende Ferrol na Lancha e que subía a pé por Roibeiras ata a escola. Doña Matilde foi a última mestra da Escola, á que lembran con agarimo, xa que conseguiu que o transporte escolar fose a Simou a buscar aos seus nenos e nenas para levalos "ao cole dos Catro Camiños". A nosa narradora lembra entre risas a primeira vez que o autobús entrou en Simou para recoller aos pequechos e quedou atrancado no medio da carretera. Dende entón, a parada está no "Alto da Mangona", hoxe o Alto de Simou.

Sendo Nita alumna da escola, lembra que un día chegou D. José Felpeto e fixolles unha proposta: unha escola nocturna para nenos e nenas que tivesen de 7 a 8 anos en adiante. A el pagábanlle un soldo extra e así eles podían compaxinar o estudio có traballo da casa. Empezaron sendo 10 nenos e acabaron sendo 30 e pico. Lembra que foi moi útil para os que querían prepararse para entrar nas escolas de aprendices de Ferrol.

Na escola falaban castelán có profesor e galego entre eles e non había castigos físicos por facelo. Exemplo de tolerancia e respecto.

A Escola de Simou foi un referente no lugar e arredores. Desapareceu nos anos 60.

"OS SALÓNS DE BAILE"

En Simou había dous salóns de baile. Un estaba no que despois sería o almacén da tenda de Belarmino. Ao primeiro chamábase "O Salón de Antón", pero cando Belarmino colleu a tenda, bautizouno como "Las Palmeritas". Abrían os domingos, "porque os sábados había que traballar". E a outra estaba no edificio que despois foi a escola, "o de Laura". Nita lembra que "había un baile nos Casás e outro no Baño, no cruce que vai para Cervás". Había música en directo e a ela acudían unha moza de rapaces e rapazas dende Mugar dos, Cervás, Chanteiro, Roibeiras etcétera, para mocear. Todos lembran con agarimo eses momentos de lecer, nos que os traballos non existían e as horas sempre eran poucas.



▲ Na tenda de Belarmino os homes paraban á tardiña a xogar ás cartas en partidas onde, ás veces, os nenos uníanse para ser catro.

▼ En Simou había dous salóns de baile —O Salón de Antón, que despois chamouse *Las Palmeritas*, e o de Laura—onde a rapazada acudía a mocear.

San Cayetano, 1'20.
Total, 853'80.

Creación de escuelas

La *Gaceta* publica una orden de Instrucción creando definitivamente 1.014 escuelas, de las cuales corresponden a Galicia las siguientes:

La Coruña: Castiñeiro del Lobo, en Ames; Dormeá, en Boimorto; Plaza de María Pita y Hércules, en La Coruña; Portazgo, en Culleredo; Gonzar y Pereira, en El Pino; Casco, en Ferrol; Lañas, en La Baña; Forteviejo y Santa María, en Mellid; **Simou, en Mugardos**; Añobres, en Mugía; Casco, Palmeira y Oliveira, en Santa Eugenia de Riveira; San Julián de Sales y San Miguel de Sarandón en Vedra.

Lugo: Nespereira, en Cabalido; Riberas de Lea, Carral de Vilar, Pedregas, Padrón y Rúa de Arriba, en Castro de Rey; Padornelo, en Cervantes; San Cosme de Manacos, en Corgo; Gernar, en Cospeito; Mazaeda, en Fonsagrada; Ronce, en Láncara; Chau de Fabeiro, en Monforte; Pedraza y Salgueiros, en Monterroso; Camalleira y Santalla, en Nogueira de Muñiz; Zanfona y Seij, en Pieirañita del Cebreiro; Pinal, Ferreiros y Saa, en Pueba de Brollón; Casco y Soán, en Quiroga; Casco, en Rábade; Santiz de Vilapedre, en Sarria; Goyes, en Villameá, Soto Iemo





▲ Na leira que rodea a capela de San Antón facíanse sardiñadas e churrascadas populares, organizadas por Melchor e pagadas a escote por todos os veciños.

▼ O 13 de xuño é "festivo local" en Simou. Ese día a capela engalánase con frores e abre as súas portas aos visitantes.



"A ROMERÍA E A CAPELA DE SAN ANTÓN"

A Capela de San Antón tén máis de 300 anos, tal e como relatan as fillas de Chelo. Mercouna o avó das nenas a Don Antonio Vilar, un terratenente de Ares do que contan que podía ir de Ares a Chanteiro "pisando só o seu". Contan ademais que na Capela facíanse misas con normalidade, ata que un día o cura titular falou con Joaquín para que lle cedera o edificio á Igrexa e así evitar gastos. O home pensou e quería acceder, pero cando volveu, o cura dixolle que tamén quería a terra derredor e Joaquín negouse. Dende entón, non se celebran misas dentro da Capela, aínda que poden oficiarse fóra, como "misas de campaña". E así se fai: o día de San Antonio a misa oficiase na leira que está en fronte da casa do Zoqueiro. Di Nita que "o 13 de xuño é festivo local en Simou" e lembra cun amplo sorriso a sardiñada popular que se facía a escote entre tódolos veciños, e na que era benvido todo o mundo, facendo certo o refrán "onde comen cinco, comen seis".

Conta Mari Luz, a dona da Capela de San Antón, que baixo o altar existe unha trampilla que agocha un espazo no que os fuxidos e perseguidos polo réxime ocultábanse ata que fose seguro saír.

Segundo conta Nita, "a capela sempre foi privada e formaba parte dunha casa solariega", da que lembra ver as paredes en pé. Tamén acorda que no mesmo terreo, existía una "telleira" (fábrica de tellas), da que Mari Carmen e Mari Luz non teñen lembranzas, pero da que si garda algún recordo o meu pai.

A Capela de San Antón de Simou xogou un papel importante e pouco recoñecido na Guerra Civil. Conta a súa dona Mari Luz que baixo o altar existe unha trampilla que agocha un espazo no que os fuxidos e perseguidos polo réxime se ocultaban, ata que fora seguro saír. Un lugar de paso que lles daba folgos para continuar coa fuxida e posta a salvo das súas vidas.

Nita conta que no rueiro había dúas casas parellas, en terreos colindantes, que tiñan as súas cheminea fronte con fronte unha da outra e que para axudar ós fuxidos, fixeron unha unión falsa das dúas chemineas e nese oco se agochaban, ata que podían saír. Lembra que un día a súa nai entrou na casa asustada porque viu luces que se movían polos montes e non sabía que pasaba. Un deses homes era coñecido dela e lle dixo que non se preocupara, que eran os homes que escapaban polos montes dunha morte segura por fusilamento. De novo, a veciñanza de Simou abriu as portas das súas casas e pechou a boca para axudar a eses homes a manterse con vida.

A Capela de San Antón era un elemento fundamental na vida cotiá de Simou. No seu derredor facíanse as festas do lugar, un día calquera, sen que fose o día de San Antonio (13 de xuño). Contan as fillas de Chelo que esas comelladas as organizaba Melchor e que traían unhas parrillas enormes nas que asaban carne para todos os asistentes. Pagábase a escote e había música en directo posta polos "Mesía". As fotos son testemuña deste xantar popular no que todos disfrutaban da boa compañía e do bó tempo.

Eso sí, cada 13 de xuño, por San Antonio, a Capela engalanábase con frores e abría as súas portas para que os visitantes a contemplasen, tradición que se mantén a día de hoxe pola súa dona, Mari Luz. Aínda hoxe, cada Martes, tén as súas portas abertas para quen a queira visitar. Din as fillas de Chelo que notan unha maior afluencia de xente nesta romería particular dos Martes, á que cada vez vai máis xente moza e tamén de fóra. "Mentres viva, seguirei coa tradición", di Mari Luz.



◀ Por San Antón non faltaba a música en directo, posta polos "Mesía".

"O LAVADOIRO E A FONTE. ROUPA A CLAREO"

En Simou había unha fonte e un lavadoiro. A fonte desapareceu, para a desgracia dos veciños. Dela lembran que *"era moi bonita e que tiña escaleiras"*. O lavadoiro era outro punto de reunión das mulleres do lugar. Alí lavaban a roupa que logo poñían a clareo no campo da Capela. Nita lembra con morriña o branca que quedaba a roupa.

Imaxínade unha vida no rural sen apenas electrodomésticos, no que erguerse cedo era sinónimo de prosperidade e esforzo, no que a noite non só daba paso a un novo día, senón que traía consigo unha sorte de obrigas e faenas que parecían non rematar nunca. Pero que tamén tiña eses momentos de reunión, de falar e argallar coas veciñas mentres os fillos e fillas xogaban derredor delas. Pequenos praceres que enchen de bágoas os ollos das que o contan.

"A PERRUQUEIRA DE CERVÁS"

Para mercar o que non había na tenda e non podía producir ían a Ferrol. Subían á lancha e ían ao economato. Di Nita que acorda baixar na Redonda e voltar camiñando para Simou, cando facía mal tempo. *"E xa ía a vender leite á praza de Mugar dos"*, polo que era unha mociña.

Tamén baixaban á Vila a mercar telas, zapatillas, á misa, ao cine, etc. Pero á perruqueira ían a Cervás, a Margarita. Gustáballes ir camiñando ata o salón polos Galgos, cantando e rindo, emocionadas por cómo quedarían despois do corte de pelo.

Queremos homenaxear a todos e todas as que se foron deixando un legado de esforzo e sacrificio e tamén para os que se quedan ou queren volver ao rural, á casa.

"SIMOU, A 60 METROS DE ALTURA DO MAR"

"O mar é sacrificado, pero o campo tamén". O lugar de Simou está vencellado ao sacrificio e esforzo persoal, á labranza máis pura conectada cós ciclos da natureza e á xenerosidade dos seus moradores, que sempre estiveron unidos para mellorar a vida de calquera deles. Sempre presentes.

Simou está formado por un rueiro de casas e outras espalladas que florece no verán e que no inverno mira para dentro, para as lareiras e as chemineas de pedras antigas que contan historias de penurias, de traballos, de farradas, de desvelos agardando a volta dos que se foron e que tamén son testemuña da risa contaxiosa dos nenos e nenas da casa xogando con bonecos e bolas de trapo.

Simou. O lugar onde había unha costureira en cada casa e no que calquera era veterinario, albanel ou monaguillo. No que podías entrar na casa do veciño sen chamar porque a porta sempre estaba aberta e no que podías durmir tranquilo porque entre todos miraban polo ben dos demáis. Un pobo xeneroso e rico en tradicións, que gustaba das festas e no que todos eran benvidos.

Sirvan estas verbas coma homenaxe á educación, sen importar o lonxe que poida estar a escola e á devoción dos mestres e mestras, que non vían fronteiras senón oportunidades nos ollos dos pequechos aos que ensinaban o grande que é o mundo e o bó de compartir.

Tamén queremos homenaxear a todos e todas as que se foron deixando un legado de esforzo e sacrificio e tamén para os que se quedan ou queren volver ao rural, á casa, dando exemplo de que o verdadeiramente importante é deitarse coa satisfacción do traballo feito e coa esperanza de que o amencer de mañá traía novas ilusións.

Grazas a todos e a todas as que nos abriron as portas das súas casas e da súa memoria para contar os momentos das súas vidas que lles deixaron pegada.

Grazas a Asociación Cultural Apelón pola oportunidade de falar coas xentes de Simou e deixar testemuña de que vivir vai de compartir, de esforzarse e de disfrutar os bós momentos.

E tamén grazas ao meu pai, Xavier, un namorado de Simou e labrego afeccionado que suspira pola súa terra e que sempre tratou de ensinarnos o bó e o bonito deste lugar. A cultura vencéllanos á terra, ao mar e á familia. Todos eles lugares aos que sempre poderemos voltar. ¶



▲ Simou sempre estivo vencellado á labranza máis pura conectada cos ciclos da natureza.

▼ Aquí todos miraban polo ben dos demais, un pobo xeneroso e rico en tradicións, que gustaba das festas.



Asociación Betula:



Pedro
Cruzado
Díaz



César
Martínez
Yáñez



Andrés
Santalla
López



proxecto e realidade

A crecente preocupación sobre o cambio climático e as súas consecuencias xustifica a actuación da Asociación para a Custodia do Bosque Atlántico, Betula. Nace a finais do 2012 pola inqueda dun grupo de persoas preocupadas pola contínua degradación do territorio e o alarmismo que provocou o traslado ao porto de Ferrol no 2008 de residuos asfálticos contaminantes retirados das estradas de Holanda, comercializados e depositados en diferentes localizacións da bisbarra sen ningún control.

Porén, entre os obxectivos da asociación recollidos nos seus estatutos figura como prioritaria a defensa do patrimonio natural, arqueolóxico, etnográfico e arquitectónico. Trátase dun proxecto de actuación directa para evitar a degradación medioambiental, conservar espazos ameazados e proceder á restauración de entornos alterados por prácticas inaxeitadas.

NA PROCURA DE ESTRATEXIAS

Paseniñamente vai callando na sociedade a necesidade de cambiar de rumbo ante as evidencias coma a desta pasada primavera-verán extremadamante seca e calorosa. Dende Betula consideramos que será posible se a sociedade toma conciencia e se implica decididamente e con urxencia neste labor. En contra xogan enormes intereses corporativos que priorizan un crecemento e un lucro ilimitado ante calquera evidencia científica do perigo global que nos ameaza.

As dúas liñas de actuación nas que traballamos

son: a **divulgación** e a **intervención**.

A tarefa divulgativa consiste en achegar a nosa mensaxe a todos os colectivos posibles: centros educativos, sociedades, administracións, particulares... e colaborar sumando esforzos con outras entidades. Asemade, procuramos darnos visibilidade nos medios de comunicación, na web e nas redes sociais, participando en encontros relacionados co medio ambiente, así como comunicados reivindicativos, participando en mobilizacións de defensa do medio natural, con entrevistas e comunicados nos medios e realizando informes medioambientais sobre espazos de interese.

O achegamento aos centros educativos ten moito interese porque as novas xeracións representan o futuro e o seu compromiso vai ser determinante nos vindeiros anos. Por iso, establecemos colaboracións co *CEIP Os Casais*, de Maniños, *O CEIP Santiago Apóstolo* de Franza, *A Compañía de María* de Ferrol, a escola de infantil e primaria *Semente*, de Neda,



▲ Foto dos residuos asfálticos contaminantes depositados en Vilar do Colo, Cabanas.

O *CEIP O Ramo* de Barallobre e o *IES Fene*. O obxectivo de ampliar a nosa base social mediante o achegamento de novos socios e socias que con este vencello colaboran e consiguen avances colectivos é unha prioridade. De aí que as cotas de asociados sexan moi baixas para favorecermos esta incorporación.

Outra liña de colaboración coa Asociación é das doazóns. Téñense producido varias doazóns de terreos que estamos a rexenerar recuperando o seu carácter de bosque autóctono. Asemade, contamos con achegas eco-



▲ O compromiso das novas xeracións vai ser determinante, por iso unha das nosas accións principais é o achegamento aos centros de ensino.

▲ O compromiso das novas xeracións vai ser determinante, por iso unha das nosas accións principais é o achegamento aos centros de ensino.

nómicas extraordinarias de socios e simpatizantes que valoramos moito polo apoio ao desenvolvemento do labor medioambiental e polo compromiso que representa das persoas colaboradoras.

Para dar maior pulo a estas colaboracións estamos a tramitar a declaración de Entidade de Utilidade Pública. Unha vez acadada esta figura, será de gran utilidade para que os e as doantes obteñan os correspondentes beneficios fiscais polas súas achegas.

A disposición de bolsas e camisetas ten unha gran acollida, fornece algunha achega económica e, sobre todo, contribúe a levar a imaxe da Asociación polo mundo.

No que atinxe ás **intervencións**, son moi variadas, sempre orientadas a demostrar na práctica a liña de protexer, restaurar e conservar a perpetuidade espazos de interese como patrimonio

natural (tamén arquitectónico, arqueolóxico e cultural). Os ecosistemas do bosque atlántico representan un patrimonio a preservar, en constante perigo de desaparición por diferentes motivos. En primeiro lugar cómpre salientar as enormes carencias na lexislación protectora pola escasa implicación das diferentes administracións. Tampouco se fan maiores esforzos para garantir o cumprimento da existente (150.000 ha. de plantacións ilegais **en terras de cultivo e pradeiras**). O medio ambiente soe utilizarse para "adornar" as proclamas electorais e logo na práctica non pasa de boas intencións. Sempre priman outras prioridades: xeradores eólicos, urbanismo, rede viaria, liñas eléctricas, especies foráneas de rápido crecemento, etc.

Dous exemplos abundan para corroborar este desleixo: despois de 25 anos de declaración de Parque

Natural das Fragas do Eume, un dos bosques de maior interese a nivel europeo, aínda non se dispón do obrigado *Plan Reitor de Uso e Xestión* (PRUX).

Son contados os concellos galegos que dispoñen dunha concellaría de medio ambiente como tal, sempre vai asociada a outras de maior rango. A inexistencia de técnicos neste terreo evidencia as carencias. Sempre existen equipos de urbanismo, cultura, deportes, servizos sociais...ulos de medio ambiente? Cantos concellos teñen declarado un *Espazo Natural de Interese Local* (ENIL)?

Son varias as liñas de intervención de Betula sobre o territorio: a compra de terreos, as doazóns, os convenios, a realización de informes e os acordos con centros de investigación, educativos e administracións.

Pola primeira delas, nestes dez anos de activida-

de, temos comprado máis de 12,70 ha. (231,8 ferrados) nas Fragas do Eume. Parte destas estaban repoboadas con eucaliptos e agora están en proceso de rexeneración unha vez eliminados os mesmos. A reducida capacidade económica da asociación non permite acadar maior volume de adquisicións. Sobre a mesa temos unha oferta de venda de 140 ha. nas Fragas, de alto valor ambiental, pero difícil de asumir polas nosas limitacións orzamentarias.

As doazóns son outra das vías de incorporar terreos para unha protección a per-

petuidade como establecen os estatutos. A xenerosidade dalgúns propietarios e o seu compromiso medioambiental facilitounos o acceso á propiedade de 1,5 ha. nos concellos de Monfero e Ares. Posible doazón outro valioso bosque de 2 ha. en Mugarδος.

Onde acadamos maior volume de espazos custodiados é mediante os convenios. Poden establecerse con particulares, comunidades de montes ou administracións.

Neste senso temos asinado convenios, cunha duración de 10 anos prorrogables, coa comunidade de montes veciñais de Sillobre, en Fene. Espazo de interese natural e paisaxístico de 27 ha, no que xa se fixo unha reforestación parcial con frondosas. Unha plantación de 100 bidueiros en 0,25 ha. No *Chao das Pozas*.

Tamén se asinou convenio de custodia coa *Comunidade de Montes da Cha de Brión*, cunha superficie de 225 ha. e estamos a colaborar na súa restauración.

Con propietarios particulares a asociación ten asinados convenios nos concellos

de Mugarδος, Ares, Neda, Fene, Vilarmador e Vilalba. En total acadan a superficie dunhas 20 ha. A día de hoxe están en proceso de negociación varios convenios con particulares, con outra importante comunidade de montes e con varios concellos da bisbarra de Ferrolterra.

O eido dos informes resulta de moito interese para pór en valor pequenos bosques que existen na bisbarra, cun grande interese medioambiental e que por tratarse dun territorio fortemente urbanizado a tarefa de preservar estes ecosistemas é unha prioridade. Parte das parcelas conveniadas xa contan cun informe técnico que avalía a súa situación e a conveniencia de intervención ou mantemento.

Entre os socios e socias de Betula figuran biólogos, agrónomos, forestais, ornitólogos, técnicos en paisaxismo, docentes, que fan a súas achegas desinteresadas en relación coas súas respectivas capacitacións profesionais.

A dedicación do vicepresidente Pedro Cruzado Díaz, enxeñeiro agrícola xubilado,

Son varias as liñas de intervención de Betula sobre o territorio: a compra de terreos, as doazóns, os convenios, a realización de informes e os acordos con centros de investigación, educativos e administracións.

▼ Grazas ás doazóns de terreos rexeneramos e recuperamos bosque autóctono.

▼ Acordos con centros de investigación permitíronnos reforzar a poboación de felgos relictos en parcelas das Fragas.



fixo posible contarmos cunha relación de pequenos bosques de interese nos concellos de Mugar dos e Ares.

Reproducimos este traballo co obxectivo de poñelos en valor, xa que mesmamente resultan descoñecidos para veciños e veciñas da zona.

A relación e acordos con centros de investigación permitiunos facer reforzos de poboacións de felgos relictos nalgunhas das nosas parcelas das Fragas. O *Centro de Formación e Experimentación Agroforestal* (CEFEA) de Guisamo fixo reprodución de varios exemplares que se levaron ás zonas seleccionadas e se implantaron con éxito.

Asemade, Betula colaborou co CEFEA de Guisamo e coa dirección do *Parque Natural das Fragas do Eume* na instalación dun xardín botánico, nas inmediacións do *Centro de Visitantes* de Ombre, con diferentes especies de felgos existentes nas Fragas para a súa identificación por parte das persoas interesadas nesta singularidade.

Tamén temos participado en xornadas medioambientais organizadas polo *Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia* (CEIDA) de Sta. Cruz, Oleiros.

Ao longo de varios anos vimos participando no *Proxecto Ríos*, coordinado por ADEGA, co obxectivo de mellorar a calidade da auga e proceder á limpeza de refugallo nos cauces. As actuacións están centradas nos ríos Baa e Castro, en Bezoucos. Nestas tarefas participan escolares do *CEIP Os Casais*, de Maniños.

Para Betula o papel do voluntariado resulta fundamental. A maioría das tarefas realizadas non serían posibles sen a súa colaboración desinteresada e ademais,



▲▲ En moitas ocasións a Betula acompaña outros colectivos nas accións sobre o territorio.

▲ Os ríos Baa e Castro centran as actuacións de limpeza de refugallo nos cauces fluviais.

representan a participación activa dos asociados e simpatizantes e o seu compromiso coa conservación do medio ambiente.

Para coordinar as tarefas a desenvolver sobre o terreo, visibilizar e favorecer a participación, vimos de activar o grupo "*Machado en man*". Trátase de organizar os traballos de socios, socias e simpatizantes con capacidade física para desenvolver labores acordos coas posibilidades de cada quen.

Teñen feito estas importantes colaboracións, á parte dos socios e socias, colectivos como *Ribeirán*, *Xeración*

(voluntariado internacional), e as *Brigadas Deseucaliptizadoras*.

Tamén resulta de grande apoio o contacto e asesoramento coa *Fundación Fragas do Mandeo*, con obxectivos semellantes aos nosos e unha grande dedicación á rexeneración do medio natural. O mesmo acontece co *Grupo Hábitat* Coruña e a *Fundación Euroeume* que xa forman parte da nosa asociación en calidade de socios.

A todos eles, o noso agradecemento.



Mostra dalgunhas actuacións significativas levadas a cabo pola Asociación Betula nos últimos anos:

Superficie de fincas xa negociadas a comprar en 2022: aproximadamente 1,5 ha. que teñen ou tiveron eucaliptos que transformaremos en fragas.

Melloras feitas en diferentes fincas, coas respectivas superficies:

- > **Mugardos:** pequena plantación de castiñeiros por escolares sobre 1.500 m² cerca de Beiramar (O Seixo-Franza).
- > **Monte veciñal de Sillobre:** 0,25 ha. con plantación de 100 bidueiros.
- > **Montefaro:** 2,75 ha. de eliminación de gromos de eucaliptos en 3 fincas
- > **Monfero:** 1,25 ha. de eliminación de eucaliptos dunha parcela en propiedade e 350 espallados nunha fraga tamén en propiedade.

Colaboración proxectada con APELÓN de plantación con escolares en terreos municipais, adiada pola pandemia.

Colaboración con varias entidades de Mugardos na limpeza do peirao.

Roteiro con 25 persoas pola costa de Mugardos dende a Enseada da Barca ata Maniños.

Roteiro dos cogomelos polo Bellele ata a Fervenza, en colaboración con *Viriato*.

Roteiro das bolboretas por Monfero, coa colaboración do *Grupo Hábitat*.

Roteiro da auga pola Terra Cha.

Xornadas de convivencia na finca Albarella, en Vilarmaior; no Eume con roteiro polo río; en Neda, polo Roxal.

En resumo, Betula, coas súas actuacións, o esforzo e a colaboración de socios e persoas preocupadas pola degradación do planeta, pretende acadar un futuro para as novas xeracións, un futuro para a humanidade.

O mandato estatutario obríganos a chegar a amplos sectores sociais, poñer en valor o patrimonio en todas as súas dimensións e preservalo a perpetuidade.

A MATERIA DA MEMORIA



Vanesa
Varela

Hai tempo que o meu mundo non mide máis de sesenta metros cadrados, o espazo mesmo que ocupan este cuarto, a cociña e a sala onde vou sumando días. Neste pequeno e claustrofóbico universo só outras dúas mulleres fan aparición diaria: Amparo, quen coida da casa e de mín durante o día e Encarna, a veciña que vén pasar as noites connigo por mandado da miña filla Rita, á que xa hai tempo que non consigo poñer cara.

Mais así como este corpo xa está canso desta vida, a cabeza só pensa en rebulir. Media ducia de recordos esporellados confróntanse por ser protagonistas de cada xornada. Ás veces paso o día saltando á corda coa miña irmá diante das obras da igrexa de San Telmo onde traballa papá. Outras, carrexando auga durante horas dende a Fonte do Loureiro ata aquela casa cerca do Cabo Leiras onde comecei a traballar. Ai, eses son os peores! Aínda antes de que Encarna entre pola porta xa estou pensando en meterme na cama co lombo mallado.

Pero hoxe Amparo arregloume o pelo para levarme ao médico. Disque a poñer un par de vacinas. A mín paréceme que xa estivemos aquí para o mesmo antes do Nadal, pero ela insistiu en que temos cita. Ademais, digo eu, que virus vou coller se non saio da casa? Vou calar e deixar de poñer pégas, a fin de contas quero vela contenta: a ver se vai marchar e quedo sen a música animada que escoita cando cociña e as parrochiñas afogadas que me fai de cando en vez.

Listo! Outra cousa menos. Sinto un latexo rítmico aí onde as picadas pero resístome a marchar xa para a casa. Ben sei o que me espera entre esas catro paredes. Pídlle á moza que me leve ata a ribeira a dar unha volta e vexo que lle sorprende este espontáneo pedimento, pero creo que ela tamén pensa que a mañá de primavera préstase ao paseo.

Lévame ata O Ratón e non podo máis que escachar coa risa en canto empezo a abanear na cadeira ao pasar polo empedrado. Ela empurra con forza pero decide facer unha parada nos bancos de pedra, aos que chega sufocada.

—Aquí mesmo, Ampariño, dúas gaiotas como esas roubáronme a cea dos señores para os que traballaba. Levaron unha ducia de chocos nunha cesta por andar aquí moceando co meu Luís.

—Que di, Aurora?

—Como cho conto, filliña, debeu ser no 63 ou 64, cando andabamos de mozos. Aínda o Club do Mar non estaba aí.

—Pois si que choveu, si.

—Está todo moi cambiado, xusto aí diante estaba a grúa...

—Está ben, Aurora, non se vaia disgustar, agora tamén está moi bonito. Vouna levar para o outro lado, que dá máis o sol.

Botamos a pasear de novo por onde tantas veces pisei. Mandeina parar na Fonte do Loureiro para ver se seguía no sitio, porque aquí en canto te despistas, cambian todo de novo.

Un pouco máis adiante hai agora unha tenda. Amparo di que é de obxectos vintage. Vamos, de trastos destes que tiña eu tamén pola casa e que Rita se empeñou en levar para a súa da Coruña hai anos. Que leve con todo! Eu xa lles din bo uso cando tiña a casa chea de amigos. Frea a cadeira para sinalarme unha sella que está xusto na porta:

—Que bonita!

—Bonita, dis? A mín dóeme o corpo enteiro só de mirala.

—Era moito peso, non si, Aurora?

—Moito, moito. Así quedei das cervicais. Non hai corpo que aguante traballar así durante anos.

—Que vida tan dura!

—Non, home, non. Que parece que sempre conto as historias de pena. Había tempo para todo, incluso durante o traballo. Que llo digan a aquel mozo de Ares que acabou de agua ata as orellas! Ai, xa non recordaba esa historia. Moito rimos con ela! Á pobre da miña veciña gustáballe aquel rapaz, púxose dos nervios cando a invitou a saír e emborcoulle a auga toda da sella.

—Vaia por Deus... Pero acabou ben a cousa?

—Acabou si, que eu ata lle fun á voda.

—Menos mal, despois de semellante comezo. Anda, imos ata onde a lancha, a ver se acorda algún outro conto.

Conto, conto... A miña vida enteira, Amparito, que dá para moito contar. Se ela soubera canto hai por rescatar entre as voltas destes miolos! Eu non sei se estas picadas que levo hoxe de paseo no brazo esquerdo farán efecto, pero esta volta está a ser toda unha cura para a alma.

—Imos logo. Has parar onde a Casa do Reloxo, entón, que aí dá para outra batalla. ¶



LOGO DA VODA



Relatos
colectivos do
obradoiro de
escrita

Os noivos festexaron o casoiro no castelo perdido. Tras chegar, brindaron e pasaron á mesa presidencial. A celebración non tivo nada especial: comida, bebida, baile... mais había algo fora de lugar: a xente non parecía leda, semellaba triste. Estaban adurmiñados, como se lles tiveran botado na bebida un potente somnífero.

Durmín até a entrada a mañá e cando espertei xa non había ninguén. Non lembraba ben quen casara, anque sabía que houbera unha festa estraña. Máis que casamento, na miña cabeza aparecía un velorio con tintas de filme de terror, onde non podía distinguir o soño da realidade.

Intentei durmir novamente, pero os recordos eran escuros i a dor de cabeza zumbaba nas tempas coma unha broca con percursor de imaxes. Repetíase a visión daquel pé sen carne que collera a cadela de Maruxa. Meu deus, era arrepiante ver aquilo na boca do can! Era un pé de home, e polo seu tamaño o pé do noivo.

Que puido ter pasado nesa celebración? O único que daba en pensar era en que tiña que deixar as drojas. Estas últimas deberan ser moi fortes porque xa non sabía se estaba alucinando en cores ou soñando con pantasma.

Pechei os ollos e volví abrilo. Alí seguía o can co pé na boca. ¶

O CÍRCULO ETERNO

Aínda chovía. Na pucharca reflectíase a imaxe dunha denociña, pero non parecía real. A imaxe amosaba un animal feo, con negros ollos saltóns, pelos tesos cheos de graxa e residuos de todo o mundo. O cheirume era abafante.

Ese animal ollaba á fronte con curiosidade, como se o que tivese diante fose un vello coñecido. E érao. Era Xan, o carnicero da vila, quen levaba na súa man un coitelo ensanguentado.

A nosa protagonista estaba a reclamarlle, como cada noite, a súa parte da matanza. Xan, que era tan feo como xeneroso, estaba disposto a entregarlle a ese ser o seu lote. A cambio, el tamén agardaba a súa recompensa, moi distinta á de aquela: Que recompensa mellor que os agarimos da súa dona, ou contarlle un conto á súa nena antes de durmir! Mais todo iso non podería acadalo mentres ese animal permanecese aí. Unha ameaza continua, día tras día.

Xan estaba moi asustado e non quería matalo. O animal non tiña por que morrer, máis, se non morría, Xan non acadaría iso que tanto desexaba. Así que decidiu que era mellor que fose el mesmo quen morrese. E matouse.

Sen embargo aquela denociña tiña un poder descomunal: podía influír e cambiar o transcurso dos sucesos. Así que, sentindo que a súa recompensa estaba preto, e non querendo quedar sen o agasallo, decidiu que podía facelo regresar do alén e que volvese matar para ela. Converteu a Xan noutra reflexión nunha pucharca veciña, porque indo e vindo os poderes varían.

Co traballo feito, a denociña internouse no bosque mesto e confundíuse coas sombras do camiño. Ía leda, co bandullo cheo. A roda funcionaba. Todo seguía case igual. ¶

O RURAL

Kikiriki, comenza o día
Canta o galo pra despertar
E xa se escoitan as galiñas
Co seu cacarexar

Miña nai levantadiña
Prende lume na cociña
E prepara pra almorzar
Unha leite morniña

Muuuu muuu escoitanse as vacas
Dicindo que marchan xa
Todas en fila e soíñas
Marchan ó prado a pastar

Oink, oink os porcos tamén teñen
Súa ración matiñal
Xa cas sobras dos xantares
Non che son pra tirar

Brrr brrr escóitase un motor
É o meu pai que acende o tractor
Marcha ás leiras pra segar
A pasa-lo arado ou se cadra sembrar


Trabállase de sol a sol
Tódolos días da semán
Cando non é no campo
É coidando os animais

Así é o día a día na aldea
O que hoxe chámanlle o rural
Pra todos os de eiquí a galiza de sempre
A nosa fermosa terra natal



David
Rascado
Rojo





Genaro
Prieto

Sociedade Cultural, Recreativa e Deportiva San Xoán de Piñeiro

No ano 1972, despois de varios meses de preparativos, algunhas xuntanzas para unificar criterios, e unha vez presentada a documentación para a súa legalización, xurde unha nova sociedade no Concello de Mugardos, a Sociedade Cultural, Deportiva, Recreativa de San Xoán de Piñeiro.

◀ Inauguración do local, o sábado 12 de novembro de 1977.

PRIMEIROS PASOS

O que logo sería coñecido popularmente polo "Casino de San Xoán", ten a súa primeira sede en condición de alugada, durante cinco anos aproximadamente, en Camiño Grande, nº 31.

Os primeiros cinco anos da Sociedade foron dunha actividade intensa, tanto no aspecto lúdico, como no cultural e recreativo: bailes ao longo de todo o ano, recitais de poesía, teatro, charlas e moitas outras actividades.

A primeira directiva estaba composta polo Sr. Manuel Piñeiro (traballador de Astano), D. Ramón (profesor nesta parroquia), Freijomil (militar, e tamén retratista, periodista, etc), Manuel Núñez (traballador de Astano), Tucho Cabalo (traballador da marmorería de Franza). Todos eles contribuíron para que se fixese realidade o soño de ter un local propio que servira de axente dinamizador nesta parroquia de San Xoán de Piñeiro.

A inquietude principal desta directiva foi facerse cun soar e construír o seu propio local, para non ter que pagar un aluguer. O soño vese cumprido cando mercan un terreo no lugar de Teupoeira, e con gran apoio dos socios e socias comeza a construción do local.

► O local social, nunha fotografía actual.

A directiva contaxiaba a toda a parroquia o seu entusiasmo e fixo un grandísimo traballo. Ademais de ser os iniciadores do proxecto, conseguiron no termo de 5 anos, inaugurar un local partindo de cero. Ben é certo que contaron co apoio incondicional de toda o pobo de San Xoán.

O local que constrúen ten os espazos necesarios para o que a entidade necesita: pista de baile e cantina para celebrar todo tipo de eventos; unha biblioteca para uso de socios, e visitantes; secretaría para as actividades e xuntas da directiva, e un almacén axeitado para as necesidades da sociedade.

A nova sede inaugúrase en novembro de 1977, cun gran baile amenizado pola orquestra "Os Trovadores", sendo un gran día para toda a parroquia, e para min e a miña dona especialmente, que acabados de chegar ao lugar, xa nos fixemos socios.

Ao longo dos anos realízanse dúas ampliacións do local co obxectivo de mellorar as infraestruturas. A primeira reforma faise

coas achegas económicas dos veciños e veciñas, que poñen tamén a man de obra. Todos os fins de semana a veciñanza traballaba a reo para rematar as obras.

Na segunda reforma trasladase a cantina ao lugar que ocupa na actualidade.

A primeira directiva contaxiaba a toda a parroquia co seu entusiasmo e conseguíu inaugurar o local en 5 anos partindo de cero.

▼ Socios traballando na construción do local (decembro de 1972).



ACTIVIDADES

A día de hoxe, a Sociedade proporciona un gran revulsi-vo cultural, recreativo, e deportivo para todos os veciños e veciñas de San Xoán, tendo en distintas épocas, e ao longo do tempo, un bo número de actividades culturais e deportivas.

Dentro das culturais merece especial mención a nosa escola de gaitas.

Entre as deportivas destacan o karate, fútbol-sa ou xadrez así como unha carreira de maratón.

Os nosos asociados toman parte con regularidade nos campionatos organizados a nivel comarcal nas disciplinas que nós practicamos e no mes de setembro a sociedade organiza unha carreira de maratón de categoría rexional, que conta cunha ampla participación tanto masculina como feminina. Na proba inscribíense dende os pitufos (4 ou 5 anos), ata os superveteráns (dende os 60 anos, ata 100 anos ou máis). Neste ano 2023 tere-mos a XL edición do mesmo. E se nos primeiros anos a participación non pasaba de ser a nivel comarcal, na actualidade contamos coa inscrición de atletas de toda a comunidade autónoma galega.

Non podían faltar na nosa sociedade as actividades



▲ Compoñentes do grupo de teatro logo dunha representación, o domingo 27 de febreiro de 1972.

lúdicas e de carácter festivo. Cumpre salientar entre elas a cabalgata de Reis, a celebración do carnaval, os bailes e as festas.

Polo Carnaval a sociedade organiza bailes con premios para os mellores disfraces tanto para o baile infantil á tarde, como para o de maiores á noite.

Moi solicitado pola veciñanza é o *baile da lanterna*, con gran competencia entre os participantes; o baile do aniversario é unha cita obrigada para a Sociedade; así mesmo a celebración do magosto no mes de novembro, ou as ceas baile organizadas en calquera época do ano, son outras das actividades habituais e moi concorridas sempre que se organizan.

Moita sona ten a "*Festa dos callos*", que dende o

ano 2008 vense celebrando ininterrompidamente. Na degustación os callos sérvense sen oso, e son únicos en case toda a bisbarra. A maior responsable do evento é M^a do Carme Freijomil Varela, máis coñecida por "Marisa", á que dende estas páxinas queremos agradecer a súa iniciativa e dedicación na organización desta festa, que atrae a centos de persoas de toda a contorna.

Mención especial merece tamén a parella que atende diariamente a cantina da Sociedade, "*os cantineiros*", como os coñecemos cariñosamente os que frecuen-

▼ A maratón popular reúne cada ano atletas de toda a xeografía galega.



A Festa dos callos celébrase desde 2008. M^a Carme Freijomil "Marisa" é a maior responsable dun evento que atrae centos de persoas da bisbarra.



◀ Iria Pérez é a responsable da cantina da Sociedade.

► Cadro directivo actual

Presidente



Juan Ángel
Caamaño Romaus

Vogais



José
López Sueiro



Antonio
Alcalá



José Luis
Mayobre Antón



Jorge
Pérez Pérez



Iria
Pérez Pérez



María Antonia
Pérez Hermida



Miguel
Tabeyo



Javier
Núñez Curbeira

tamos habitualmente as instalacións do casino.

Dous mozos veciños deste lugar, que sorprenden pola súa simpatía e bo facer por onde pasan. A atención a todo o que se achega polo local é extraordinaria; o mesmo podedes tomar os viños o fin de semana e pasaredes un rato moi agradábel (sempre acompañados dos pinchos cós que nos convidan), como celebrar o aniversario dos pequerrechos, ou un xantar coa familia. En calquera caso sempre sairedes máis que satisfeitos.

DIRECTIVAS

Dende a súa fundación, e xa van 50 anos (1972-2022), moitas foron as persoas que participaron nas distintas directivas, e co seu traballo e

dedicación mantiveron viva a Sociedade ata o día de hoxe.

Esta foto é dunha directiva en particular, pero representativa de tódalas directivas coas que contou a SCDR de San Xoán de Piñeiro. Dende estas páxinas e como mostra de cariño e agradecemento do pobo de San Xoán, queremos render homenaxe a todas elas.

Na actualidade, e como en case tódalas sociedades, temos un problema pola escasa participación dos veciños e veciñas, o que dificulta a formación das directivas correspondentes en tempo e forma. Sempre lle digo ós compañeiros e compañeiras que non debemos perder a esperanza, que debemos confiar que entre todos poidamos revertir a situación nun futuro próximo, pois os problemas están enriba da mesa e as solucións non poden ser a nivel individual, senón que teñen que vir dadas pola Sociedade no seu conxunto.

Parece que as miñas palabras foron premonitorias, e no primeiro trimestre do ano 2022, coa ilusión dos que queren aportar solucións e logo dun intenso debate e moito diálogo, logramos formar unha nova directiva.

Así somos a xente de San Xoán de Piñeiro, unha pequeniña parte do Concello de Mugarodos, que a pesar das dificultades miramos cara o futuro con optimismo e ilusión, e coa confianza de que a Sociedade Cultural, Deportiva, Recreativa, de San Xoán de Piñeiro, siga sendo un dos faros que nos guíe e nos entreteña outros cen anos. Logo xa pediremos máis. ¶

► De pé e de esquerda a dereita: Norberto, Tino Pérez, Antón Antón, Ivan Díaz, Paco Casal, Antonio Antón, Antonio Rodríguez (Zurdo).

Agachados e de esquerda a dereita: Manuel Amado Cortizas, Manuel Souto (Abeleira), Enrique, José Sarmiento, D.Ramón (profesor).





OS DEZ ANIMAIS

Antón Cortizas Amado.

Ilustracións de Lidia Nokonoko [Infantil]

Galaxia

Coa axuda dalgúns animais imos saber cantos dedos temos nas máns, pero ademais, imos gozar dun conto cun gran final, algo de poesía e unhas ilustracións que nos deixan moi boas impresións. E todo isto grazas ao noso prezado Antón Cortizas Amado.

Aida Cortizas

A CULPA

María Solar

Xerais

Cada seis meses, coma un cravo, os empregados dunha pequena sucursal bancaria reciben a visita desagradable da señora Gondar, muller de aspecto miserable e cun fedor corporal insoportable que controla ata o mínimo detalle as súas contas millonarias. Amanda, unha novísima empregada da oficina, aténdea unha sola vez. Un mes despois do encontro, a señora Gondar falece e Amanda convértese inesperadamente na súa herdeira. A partir de aí, suspense, amor, crimes... mestúranse ó longo de toda a obra ata chegar a un fin inesperado. Sen ningunha dúbida unha lectura recomendada, adictiva e sorprendente.

Jacinto Núñez

CUANDO ESTALLÓ LA NOCHE. EL ENEMIGO NO SOSPECHABA

Guillermo Llorca Freire

Publicaciones Arenas

Es una trepidante novela de suspense inspirada en el ambiente bélico de la posguerra civil española y la II Guerra Mundial. Refleja fielmente el ambiente costumbrista de la ciudad naval de Ferrol que nos hace saborear los rincones, lugares y el ambiente muy típico de esta peculiar sociedad.

Es de destacar asimismo el paisajismo de sus alrededores y el ambiente familiar que se respira en los mismos.

Se trata de una historia de intriga, suspense, acción y espionaje difícilmente superable en este ambiente violento entre guerras.

Fátima Espiñeira

OS RESTOS DO FRANQUISMO EN GALIZA

Manuel Monge González

Laiovento

Nesta obra Manuel Monge denuncia a existencia de máis de 600 símbolos franquistas en 87 Concellos de Galiza, que representan e exaltan aos servidores da ditadura, e que participaron no golpe de Estado de 1936. O autor dos "restos do franquismo en Galiza", súmase así ás denuncias de organizacións internacionais, é a feita pola Comisión de De-

SUGERENCIAS LECTORAS



reitos Humanos da ONU, esixindo a retirada da simboloxía franquista.

Libro moi interesante onde o autor fai un traballo minucioso, rigoroso e amplamente documentado.

Ramón Bello Blanco

A COMUNA DE VALDONELLE

Carlos Neira Suárez

Fervenza

Carlos Neira gaña con esta obra o VII concurso Balbino de relatos. Relato de ficción onde se manifestan as diferencias entre os conviventes nunha comuna no rural.

En opinión do xurado "este relato destaca pola solvencia narrativa, e nos convida a reflexionar sobre o neorrural, que frecuentemente vese habitado por xente da cidade que busca outro xeito de vida".

Moi bo relato que anima á súa lectura desde a primeira á última páxina.

Juan Fernández Ameneiro

AS MALAS MULLERES

Marilar Aleixandre

Galaxia

Premio Nacional de Narrativa 2022.

É unha novela histórica cunha estrutura peculiar, que Aleixandre manexa con mestría. Xunto a Sisca, a protagonista, transitan esta novela personaxes reais e míticos como Concepción Arenal, Juana de Vega ou Pepa Loba. Conta Marilar Aleixandre a historia de mulleres que desobedecen os códigos de con-

ducta domésticos, familiares, sociais e morais vixentes e retrata a Coruña que acolleu no XIX un cárcere de mulleres no que convivían delincuentes coas "mulleres de moral desviada" ou "de mal vivir". A novela recupera a memoria das reclusas no cárcere da Galera onde Concepción Arenal e Juana de Vega foron das primeiras en traballar pola dignificación das presas. É tamén un canto aos libros e á lectura póla súa capacidade para mellorar a vida das persoas, para dar esperanza ás desesperadas.

A novela está escrita nun ton poético e ten unha trama moi ben armada. Moi recomendable.

Gabriela Sánchez Cortizas

LA ECUACIÓN MÁS BONITA DEL MUNDO

Raquel Villanueva Lorca

Maluma

Novela finalistas do VII Certamen Literario de Narrativa "Mujer al viento" de Torrejón de Ardoz. Elisa e Sonia son dúas mulleres de idades e caracteres moi diferentes pero cunha vida paralela. Trátase dunha novela en dous planos sobre o paso do tempo, a rutina, os homes, o amor... unha novela sobre a paixón na que a realidade de Elisa, escritora, e Sonia, o seu personaxe, mistúranse ata case non distinguirse.

Francisca Pérez

POR AUTOR

Allegue, Manuel

- Incendios forestais en Galicia. Causas e consecuencias. 1

Álvarez, Tino (como Vázquez, Tino)

- San Vitorio (Franza). Algo máis que unha rúa 4

Cartelle García, Raquel

- Experiencia como auxiliar de conversa en Francia. 0

Colaboración

- É Mugar dos un destino turístico? 0

Corral Uzal, M^a Luz

- As bibliotecas municipais de Oleiros e a promoción da lectura 0

Corral, Margarida

- O desafogo dunha militante feminista do cotiá. 1

Cruzado Díaz, Pedro

- Asociación Betula: proxecto e realidade 5

Cuba, Luis

- Linito, un tipo xenuíno (1947-2023). 5

Fernandes, Alexandre

- Leva-se dentro 4

Fernández Ameneiro, Juan

- Fina "A Fabita" 0
- O noso patrimonio "Os lavadoiros" 2

Fernández, Ignacio

- Baliza "Castelo da Palma" 4

Fernández, Xurxo

- Carmen Filgueiras na cova das ideas. 1
- Os americanos de Mugar dos 2

García Castro, José

- Apuntamentos para un estudo de arquitectura dos cascos vellos de Mugar dos 3
- A igrexa de Meá ameazada de ruína 5

Gómez, Jorge

- O Seixo na música e a música no Seixo. 1
- Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega do Seixo 2
- Centenario da *Institución Escolar Franza y Seijo* (1921-2021). 3

Grandes, Antonia

- Atea 4

Loira Enríquez, María J.

- Un percorrido pola Mugar dos romana 2

López, Manuel

- Sociedade Cultural, Recreativa e Deportiva "Casino Mugar dos" 3

Máiz Vázquez, Bernardo

- 1811. O "Tigre", falucho corsario mugar dos 0
- A "lancha obrera" de Mugar dos (1931-1936). 1
- 1752. Un escravo "turco" liberado da cadea por un veciño de Rilo. ... 2
- Ricardo Carvalho Calero en A Cabana, Mugar dos, O Seixo 3
- Por el camino de Modesto 4
- Amada Gardía Rodríguez. O mito e a realidade. 5
- Mugar dos 1920-1936. Economía, asociacionismo e algo máis 5

Martínez, César

- Asociación Betula: proxecto e realidade. 5

Moldes, Luis

- Visita al Arsenal de Ferrol 5

Montero, Carola

- "Simou foi antes que Mugar dos" . 5

Patricio, Fernando

- Crónica sobre os faluchos mugar deses. 2

Pérez, Francisca

- Ideal Cinema Zárate: O noso Cine Vello 0
- Lavar lávase coas mans 4

Pérez, Sema

- A Cultura, unha semente de Liberdade no medio do deserto. ... 3

Prieto, Genaro

- Sociedade Cultural, Deportiva, Recreativa de San Xoán de Piñeiro (Mugar dos). 5

Ramone, César

- Unha historia do rock en Bezoucos. 4

Rañales Pérez, Pablo J.

- Ecos 0
- Mugar dos 2030: a necesidade de construír unha paisaxe futura. ... 4

Rascado Rojo, David

- O rural 5

Ricart Guillot, Susana

- Un percorrido pola Mugar dos romana 2

Rico, Lois

- Casino Progreso de Franza 1

Rilo, Vero

- Loli Santalla 2

- Por un bocadiño de nada. 3

Rodríguez, Miguel

- As lanchas de pasaxe. 1
- Andrés Balsa Antón, o campión mugar dos 3
- Centenario da *Institución Escolar Franza y Seijo* (1921-2021). 3
- O Pósito de Pescadores de Mugar dos e a súa escola 5

Rodríguez, Miguel A.

- Chedas 4

Rubia, Xoán

- Eduardo Sánchez Fraga. 0
- As vicisitudes dun mugar dos no maio do 68 en Santiago. 1
- Simón García en clave de Fa 4

Sánchez, Gabriela

- Lavar lávase coas mans 4

Sánchez, Javier

- Terrorismo da paisaxe 3

Santalla López, Andrés

- Asociación Betula, proxecto e realidade. 5

Sousa, José

- La Redonda como un sueño. 3
- Marracoi 4
- A lancha dos castelos 5

Varela, José Manuel

- Isolina Montero, muller coraxe .. 3

Varela, Vanesa

- A materia da memoria. 5

Varela, Vera

- A finca de Villalobos 3

Varios autores

- Logo da voda. 5
- O círculo eterno 5

Vázquez, Tino

- Ver Álvarez, Tino

Veiga, Eva

- Mugar dos 2

Villanueva Lorca, Raquel

- La pintora. 4

HISTÓRICO de CONTIDOS

POR TEMA

BIOGRAFÍAS

Amada Gardía Rodríguez. O mito e a realidade.	5
Andrés Balsa Antón, o campión mugardés	3
Carmen Filgueiras na cova das ideas.	1
Chedas	4
Eduardo Sánchez Fraga.	0
Fina "A Fabita"	0
Isolina Montero, muller coraxe ..	3
Linito, un tipo xenuíno (1947-2023).	5
Loli Santalla	2
Simón García en clave de Fa.	4

ENSAIO

As bibliotecas municipais de Oleiros e a promoción da lectura	0
É Mugardos un destino turístico?	0
Incendios forestais en Galicia. Causas e consecuencias.	1
Mugardos 2030: a necesidade de construír unha paisaxe futura.	4
O desafogo dunha militante feminista do cotiá.	1
Terrorismo da paisaxe	3
Visita al Arsenal de Ferrol	5

HISTORIA E INVESTIGACIÓN

1752. Un escravo "turco" liberado da cadea por un veciño de Rilo.	2
1811. O "Tigre", falucho corsario mugardés	0
A "lancha obrera" de Mugardos (1931-1936).	1
A finca de Villalobos	3
As lanchas de pasaxe.	1

Centenario da <i>Institución Escolar Franza y Seijo</i> (1921-2021).	3
Crónica sobre os faluchos mugardeses.	2
Mugardos 1920-1936. Economía, asociacionismo e algo máis	5
O Pósito de Pescadores de Mugardos e a súa escola	5
O Seixo na música e a música no Seixo.	1
Os americanos de Mugardos	2
Por el camino de Modesto	4
Ricardo Carvalho Calero en A Cabana, Mugardos, O Seixo	3
"Simou foi antes que Mugardos".	5
Un percorrido pola Mugardos romana	2
Unha historia do rock en Bezoucos.	4

MUNDO

A Cultura, unha semente de Liberdade no medio do deserto.	3
Experiencia como auxiliar de conversa en Francia.	0

LITERATURA

A materia da memoria.	5
Atea	4
Ecos	0
La pintora.	4
Logo da voda.	5
Mugardos	2
O círculo eterno	5
O rural	5
Por un bocadiño de nada.	3

LEMBRANZAS

A lancha dos castelos	5
As vicisitudes dun mugardés no maio do 68 en Santiago.	1
La Redonda como un sueño.	3
Marracoi	4
San Vitorio (Franza). Algo máis que unha rúa	4

PATRIMONIO

A igrexa de Meá ameazada de ruína	5
Apuntamentos para un estudo da arquitectura dos cascos vellos de Mugardos	3
Baliza "Castelo da Palma"	4
Ideal Cinema Zátrate: O noso Cine Vello	0
Lavar lávase coas mans	4
O noso patrimonio "Os lavadoiros".	2

SOCIEDADES

A Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega do Seixo	2
Asociación Betula: proxecto e realidade	5
Casino Progreso de Franza	1
Ieva-se dentro	4
Sociedade Cultural, Deportiva, Recreativa de San Xoán de Piñeiro (Mugardos).	5
Sociedade Cultura, Recreativa e Deportiva "Casino Mugardés"	3

Unha biblioteca para que?

Para **ler**, para estar, para compartir, para debater,
para **colaborar**, para escoitar, para falar, para **crear**, para
ensinar, para aprender, para **pasalo ben**, para quedar, para
mirar, para ver, para **traballar**, para descansar, para **reunirse**,
para estar a soas, para **investigar**, para **mocear**, para
coser, para cantar, para **sentir o silencio**...

Unha biblioteca que sexa **foco e centro de
cultura**, que aglutine todas as iniciativas culturais do
concello, que ofrezca un **lugar axeitado** —e digno— e
que sexa **referente cultural**.



Rede do
Patrimonio
Cultural



Concello de
Mugardos



Deputación
DA CORUÑA